

## ACTA

### PLENO DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO Nº 8/2021

### SESIÓN ORDINARIA DO 27 DE ABRIL DE 2022

#### ORDE DO DÍA

#### PARTE RESOLUTIVA

- 1. Actas anteriores:** Extraordinaria do 23.03 e ordinaria do 30.03.2022.

#### **Ditames das comisións informativas:**

#### COMISIÓN INFORMATIVA DE FOMENTO, SERVIZOS, PATRIMONIO E CONTRATACIÓN

- 2.** Dar conta do cumprimento do Plan Anual Normativo correspondente ao ano 2021 do Concello de Vigo. Expte. 1672/110 (Expte. Pleno 3379/1101).

#### ORZAMENTOS E FACENDA

- 3.** Dar conta do Plan anual de auditorías e control financeiro do concello de Vigo correspondente ao exercicio 2022. Expte. 102887/140 (Expte. Pleno 3380/1101).
- 4.** Dar conta do informe trimestral de Tesourería sobre o cumprimento dos prazos de pago das obrigas previstas nas leis, correspondente ao 1º trimestre do ano 2022 e PMP dos 3 meses do ano 2022. Expte. 23/543 (Expte. Pleno 3381/1101).
- 5.** Dar conta do estado de execución do estado de gastos e ingresos do Orzamento, correspondente ao 1º trimestre do 2022, así como do movemento de Tesourería por operacións orzamentarias e non orzamentarias. Expte. 220/143 (Expte. Pleno 3382/1101).

#### COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN MUNICIPAL, SEGURIDADE, DINAMIZACIÓN ADMINISTRATIVA E I+D

- 6.** Proposta de aprobación definitiva da Ordenanza reguladora dos vehículos de mobilidade persoal no Concello de Vigo. Expte. 118921/210 (Expte. Pleno 3383/1101).

#### **Mocións:**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/07/2022 09:05	Páxina 1 de 93
3423-1101	CSV: A1ACBE-ACA9BB-5FB3CH-3CHT3G-ZLXJDS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

7. Moción do grupo municipal Mixto, para a conversión da SAREB nun instrumento para garantir o dereito á vivenda e a habilitación de mecanismo de cesión aos concellos. Expte. Pleno 3391/1101.
8. Moción do grupo municipal do Partido Popular en apoio do Centro Oceanográfico de Vigo, instando ao goberno de España a fixar a sede central, administrativa e operativa do Instituto Español de Oceanografía en Vigo. Expte. Pleno 3385/1101.
9. Moción do grupo municipal Socialista, solicitando ao Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía que no proceso de descentralización do Instituto Español de Oceanografía a sede de coordinación se localice en Vigo. Expte. Pleno 3396/1101.
10. Moción do grupo municipal Socialista, en apoio á plataforma SOS Sanidade Pública da Área Sanitaria de Vigo. Expte. Pleno 3398/1101.
11. Moción do grupo municipal Socialista, instando ao Goberno de España para que modifique a planificación vixente 2021-2026 da Rede Eléctrica de España e conecte a área urbana de Vigo e a factoría de Stellantis á rede de transporte de enerxía eléctrica de 220 kilovoltios. Expte. Pleno 3397/1101.
12. Moción do grupo municipal Socialista, instando a que a Consellería de Infraestruturas indique que entidades do sector público autonómico realizaron transferencias de fondos a compañías aéreas ou a entidades que realicen accións para atraer viaxeiros. Expte. Pleno 3400/1101.
13. Moción do grupo municipal Socialista, instando á Xunta de Galicia a recoñecer á cidade de Vigo unha débeda histórica de 2.258 millóns de euros, consecuencia das actuacións do goberno presidido polo Sr. Feijoo durante 13 anos. Expte. Pleno 3399/1101.

#### **PARTE DE CONTROL**

14. Dar conta de resolucións da Alcaldía, dende o 18.03 ao 19.04.22. Expte. 1201/1102. Expte. Pleno 3392/1101.
15. Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as, dende o 18.03 ao 19.04.22. Expte. 1202/1102. Expte. Pleno 3393/1101.

#### **Mocións.**

16. Moción do concelleiro membro non adscrito solicitando a declaración de espazo natural de interese local para o río Barxa e Eifonso. Expte. Pleno 3394/1101.
17. **Formulación de rogos.**
18. **Formulación de preguntas.**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/07/2022 09:05	Páxina 2 de 93
3423-1101	CSV: A1ACBE-ACA9BB-5FB3CH-3CHT3G-ZLXJDS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

## ASISTENTES

### POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

Caballero Álvarez Abél Ramón  
Aguiar Castro Yolanda  
Aneiros Pereira Jaime  
Blanco Iglesias Eugenia Dolores  
Caride Estévez María José  
Espinosa Mangana Elena  
Estévez Rodríguez Pablo Luis  
Fernández Pérez José Manuel  
Gómez Díaz Gorka  
Iglesias González Ana Laura  
Lago Barreiro María del Carmen  
López Font Carlos  
Losada Alvarez Abel Fermín  
Mejías Sacaluga Ana Maria  
Pardo Espiñeira Francisco Javier  
Rivas González Ángel  
Rodríguez Calviño Patricia  
Rodríguez Díaz Santos Héctor  
Rodríguez Rodríguez Nuria  
Silva Rego M<sup>a</sup> Carmen

### POLO GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Bartolomé Tocino, Carlota  
López Román Patricia  
Marnotes González José Alfonso

### POLO GRUPO MUNICIPAL MIXTO

Méndez Fuentes Oriana  
Pérez Correa Ruben

### MEMBRO NON ADSCRITO

Pérez Igrexas Xabier

## NON ASISTEN:

Egerique Mosquera Teresa, concelleira do grupo municipal do Partido Popular, que escusa a súa asistencia.

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e nove minutos do día vinte e sete de abril do ano dous mil vinte e dous, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Bartolomé Tocino, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, López Roman, Losada Alvarez, Marnotes González, Mejías Sacaluga, Méndez Fuentes, Pardo Espiñeira, Pérez Correa, Pérez Igrexas, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e Silva Rego, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excmo. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Alberto Escariz Couso.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratar os asuntos da orde do día.

## PARTE RESOLUTIVA



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/07/2022 09:05	Páxina 3 de 93
3423-1101	CSV: A1ACBE-ACA9BB-5FB3CH-3CHT3G-ZLXJDS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

## **1.(72) ACTAS ANTERIORES: EXTRAORDINARIA DO 23.03 E ORDINARIA DO 30.03.2022.**

VOTACIÓN E ACORDO.

Por unanimidade dos vinte e seis membros presentes da Corporación dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, aprobase a acta extraordinaria do 23 de marzo e a ordinaria do 30 de marzo de 2022.

### **DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:**

## **2.(73) DAR CONTA DO CUMPRIMENTO DO PLAN ANUAL NORMATIVO CORRESPONDENTE AO ANO 2021 DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 1672/110 (EXPTE. PLENO 3379/1101).**

ANTECEDENTES.- Dáse conta do informe do secretario xeral do Pleno, de data 14 de marzo de 2022, conformado pola concelleira de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, que di o que segue,

“Asunto. Cumprimento do Plan Anual Normativo do ano 2021. (Expdte. 1672/110)

Lexislación aplicable.

LPACAP. Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Antecedentes.

A Xunta de Goberno Local, mediante acordo de data 31.08.2017, desenvolvendo o sinalado no artigo 132.1 da LPACAP, aprobou as Directrices para a elaboración no Concello de Vigo do Plan Normativo Anual e para a avaliación normativa.

O Pleno, en sesión de data 30.12.2020 aprobou o Plan Normativo Anual correspondente o ano 2021 no que se incluían as seguintes normas:

Ordenanza reguladora do comercio de Vigo.

Ordenanza reguladora da utilización e circulación de vehículos de mobilidade persoal

Ordenanza reguladora da instalación de terrazas na vía pública.

Plan Estratéxico de subvencións.

Ordenanza de subvencións.

As Directrices do Plan Normativo sinalan, “A *Secretaría xeral do Pleno elaborará no primeiro trimestre de cada ano Informe Anual que reflectirá o grado de cumprimento do Plan Anual Normativo do ano anterior e as iniciativas adoptadas non incluídas inicialmente no Plan; o informe será elevado ao Pleno para o seu coñecemento e publicarase no Portal de Transparencia do Concello de Vigo. As Concellerías delegadas remitirán antes do 31 de xaneiro á Secretaría xeral do*



Copia do documento - Concello de Vigo  
3423-1101

Data impresión: 22/07/2022 09:05

Páxina 4 de 93

CSV: A1ACBE-ACA9BB-5FB3CH-3CHT3G-ZLXJDS-F1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

*Pleno as razóns xustificativas dos eventuais incumprimentos do Plan Anual Normativo do ano anterior".*

Mediante comunicacións de data 17.01.2022 esta Secretaría dirixiouse ás distintas Áreas municipais que incluíron proxectos normativos para o ano 2021 ao obxecto de que, con anterioridade o 31 de xaneiro, emitiran informe do grado de cumprimento da previsión normativa proxectada.

Transcorrido o prazo sinalado ningunha das Áreas que no seu día propuxeron a inclusión de proxectos normativos no Plan Normativo do ano 2021 teñen respostado o requerimento de informe.

Cumprimentando o sinalado nas Directrices do Plan Normativo emítese, para o coñecemento do Pleno, o seguinte,

## INFORME

### *I. Ordenanza Reguladora do Comercio de Vigo.*

A esta Secretaría non lle consta que a Ordenanza Reguladora do Comercio de Vigo fora obxecto de trámite algún; no "Portal de Transparencia" tampouco consta que, conforme o sinalado no artigo 133 da LPACAP, se substanciara, a través da Sede Electrónica do Concello, consulta pública recabando a opinión dos suxeitos e das organizacións mais representativas potencialmente afectadas pola futura norma en relación co, (i) problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa; (ii) necesidade e oportunidade da súa aprobación; (iii) obxectivos da norma e, (iv) as posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

### *II. Ordenanza reguladora da utilización e circulación de vehículos de mobilidade persoal.*

A esta Secretaría lle consta que a Ordenanza reguladora da utilización e circulación de vehículos de mobilidade persoal foi aprobada inicialmente polo Pleno en sesión de data 26.01.2022; no BOP n.º 37 do 23.02.2022 publicouse consonte o artigo 49 da LBRL anuncio da súa información pública e audiencia dos interesados a efectos de presentación de reclamacións e suxestións, 30 días. (Expdte. 118921/210)

### *III. Ordenanza reguladora da instalación de terrazas na vía pública.*

A esta Secretaría lle consta que a Ordenanza reguladora da instalación de terrazas na vía pública foi aprobada definitivamente polo Pleno en sesión de data 27.10.2021; a súa publicación tivo lugar no BOP n.º 229 do 26.11.2021. (Expdte 118041/210)

### *IV. Plan Estratéxico de subvencións.*

A esta Secretaría non lle constan trámites.

### *V. Ordenanza de subvencións.*

A esta Secretaría non lle consta que a Ordenanza de Subvencións fora obxecto de trámite algún; no "Portal de Transparencia" tampouco consta que, conforme o



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/07/2022 09:05	Páxina 5 de 93
3423-1101	CSV: A1ACBE-ACA9BB-5FB3CH-3CHT3G-ZLXJDS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

sinalado no artigo 133 da LPACAP, se substanciara, a través da Sede Electrónica do Concello, consulta pública recabando a opinión dos suxeitos e das organizacións mais representativas potencialmente afectadas pola futura norma en relación co, (i) problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa; (ii) a necesidade e oportunidade da súa aprobación; (iii) os obxectivos da norma e, (iv) as posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

Existe un anteproxecto de Ordenanza (Expediente 524/1101) que no seu día acadou na súa tramitación interna informes favorables da Asesoría xurídica e da Intervención xeral; no seu momento tal anteproxecto non foi remitido para a súa aprobación como proxecto o órgano competente, Xunta de Goberno Local.

Mediante Resolución da Concellería delegada de facenda de data 16.06.2018 encomendouse á Intervención xeral o seguimento e tramitación dun proxecto de Ordenanza xeral de Subvencións a redactar por un Grupo de Traballo Sectorial, a tal efecto a Resolución nomeaba diversos funcionarios municipais; o Grupo sería asistido pola *Comisión Técnica do Plan de Transformación Integral da Administración Municipal de Vigo*, cuxos membros participarían activamente nos traballos a desenvolver; a Resolución sinalaba que documentación xerada sería facilitada o secretario xeral do Pleno, na súa condición de instrutor do Expediente, para a súa comunicación o *Comité de Transformación Dixital* e a Concellería delegada antes de cada reunión de traballo."

DITAME. A Comisión Informativa de Fomento, Servizos, Patrimonio e Contratación, na súa sesión ordinaria do 20 de abril de 2022, queda informada.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta.

ACORDO.

O Pleno da Corporación queda enterado do informe de cumprimento do Plan Anual Normativo do ano 2021.

### **3.(74) DAR CONTA DO PLAN ANUAL DE AUDITORÍAS E CONTROL FINANCEIRO DO CONCELLO DE VIGO CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2022. EXPTE. 102887/140 (EXPTE. PLENO 3380/1101).**

ANTECEDENTES.- Dáse conta do informe do interventor municipal, de data 1 de abril de 2022, que di o que segue,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/07/2022 09:05	Páxina 6 de 93
3423-1101	CSV: A1ACBE-ACA9BB-5FB3CH-3CHT3G-ZLXJDS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

**PLAN ANUAL DE AUDITORÍAS E CONTROL FINANCEIRO DO CONCELLO DE VIGO  
CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2022**

APARTADO	ÍNDICE	Páxina
<b>I.</b>	<b>INTRODUCCIÓN</b>	<b>3</b>
<b>II.</b>	<b>OBXECTIVOS DO CONTROL FINANCEIRO</b>	<b>3</b>
<b>III.</b>	<b>RÉXIME XURÍDICO APLICABLE</b>	<b>5</b>
<b>IV.</b>	<b>ÁMBITO SUBXECTIVO E ALCANCE DO CONTROL FINANCEIRO</b>	<b>6</b>
IV.1.	Ámbito subxectivo	6
IV.2.	Medios dispoñibles	9
<b>V.</b>	<b>ACTUACIÓNS DE CONTROL FINANCEIRO A REALIZAR NO ANO 2022</b>	<b>10</b>
V.1.	Control Permanente	10
V.1.1.	Actuacións atribuídas no ordenamento xurídico ao órgano interventor	10
V.1.2.	Actuacións seleccionadas sobre a base dunha análise de riscos	12
a)	Control financeiro posterior das liquidacións aprobadas no exercicio 2021 por concesións administrativas outorgadas polo Concello de Vigo	13
b)	Control financeiro posterior das subvencións directas nominativas outorgadas polo Concello de Vigo e a Xerencia Municipal de Urbanismo no exercicio 2021	13
c)	Control financeiro posterior dos prazos de tramitación dos contratos maiores formalizados polo Concello de Vigo no exercicio 2021	14
V.2.	Auditoría Pública	14
V.3.	Outras actuacións: Auditoría da conta 413	15
<b>VI.</b>	<b>EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS DE AUDITORÍA PÚBLICA</b>	<b>15</b>
<b>VII.</b>	<b>CONTRATACIÓN DAS ACTUACIÓNS DE AUDITORÍA PÚBLICA</b>	<b>16</b>
<b>VIII.</b>	<b>DO RESULTADO DO CONTROL FINANCEIRO</b>	<b>16</b>
<b>IX.</b>	<b>DESTINATARIOS DOS INFORMES</b>	<b>16</b>
<b>ANEXO I</b>	<b>ANÁLISE DE RISCOS</b>	<b>18</b>
<b>ANEXO II</b>	<b>CADRO-RESUMO DAS ACTUACIÓNS A REALIZAR</b>	<b>24</b>
<b>ANEXO III</b>	<b>SUBVENCIÓNS NOMINATIVAS SELECCIONADAS</b>	<b>26</b>

I. INTRODUCCIÓN.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/07/2022 09:05	Páxina 7 de 93
3423-1101	CSV: A1ACBE-ACA9BB-5FB3CH-3CHT3G-ZLXJDS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

O control interno é un concepto que se estende á totalidade da xestión económico-financeira do Concello de Vigo e demais entidades integrantes do sector público local, e a cualificación de interno responde a que é un control exercido pola Intervención Xeral Municipal do Concello de Vigo, que se contrapón ao control externo, que é exercido por órganos independentes daquela, como son o Consello de Contas de Galicia e o Tribunal de Contas do Estado, dependentes do Parlamento de Galicia e das Cortes Xerais, respectivamente.

A función de control interno realizarase na súa tripla acepción de función interventora, función de control financeiro e función de control de eficacia. A función exercerase con plena autonomía respecto dos órganos e entidades municipais e cargos directivos cuxa xestión se fiscalice, tendo completo acceso á contabilidade e a cantos documentos sexan necesarios para o exercicio das súas funcións.

O control financeiro da actividade económico-financeira do sector público local exercerase mediante o exercicio do control permanente e a auditoría pública.

Ambas as modalidades incluírán o control de eficacia, que consistirá en verificar o grao de cumprimento dos obxectivos programados, do custo e rendemento dos servizos de conformidade cos principios de eficiencia, estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira no uso dos recursos públicos locais.

O órgano interventor deberá elaborar un Plan Anual de Control Financeiro que recollerá as actuacións de control permanente e auditoría pública a realizar durante o exercicio. Incluírá todas aquelas actuacións cuxa realización polo órgano interventor derive dunha obrigación legal e as que anualmente se seleccionen sobre a base dunha análise de riscos consistente cos obxectivos que se pretendan conseguir, as prioridades establecidas para cada exercicio e os medios dispoñibles.

---

## II. OBXECTIVOS DO CONTROL FINANCEIRO.

---

Como temos visto, o control financeiro da actividade económico-financeira do sector público local exercerase mediante o exercicio do control permanente e a auditoría pública.

### a) O Control Permanente.

O control permanente exercerase sobre a Entidade Local e os organismos públicos nos que se realice a función interventora con obxecto de comprobar, de forma continua, que o funcionamento da actividade económico-financeira do sector público local axústase ao ordenamento xurídico e aos principios xerais de boa xestión financeira, co fin último de mellorar a xestión no seu aspecto económico, financeiro, patrimonial, orzamentario, contable, organizativo e procedemental. A estes efectos, o órgano de control poderá aplicar técnicas de auditoría.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/07/2022 09:05	Páxina 8 de 93
3423-1101	CSV: A1ACBE-ACA9BB-5FB3CH-3CHT3G-ZLXJDS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



O exercicio do control permanente comprende tanto as actuacións de control atribuídas no ordenamento xurídico ao órgano interventor, como as actuacións de control que anualmente se inclúan no correspondente Plan Anual de Control Financeiro, seleccionadas sobre a base dunha análise de riscos consistente cos obxectivos que se pretendan conseguir, as prioridades establecidas para cada exercicio e os medios dispoñibles

b) A Auditoría Pública.

A auditoría pública consistirá na verificación, realizada con posterioridade e efectuada de forma sistemática, da actividade económico-financeira do sector público local, mediante a aplicación dos procedementos de revisión selectivos contidos nas normas de auditoría e instrucións que dite a Intervención Xeral da Administración do Estado. A auditoría pública engloba, en particular, as seguintes modalidades:

b.1) A auditoría de contas, que ten por obxecto a verificación relativa a se as contas anuais representan en todos os aspectos significativos a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira, dos resultados da entidade e, no seu caso, a execución do orzamento de acordo coas normas e principios contables e orzamentarios que lle son de aplicación e conteñen a información necesaria para a súa interpretación e comprensión adecuada.

O órgano interventor da Entidade Local realizará anualmente a auditoría das contas anuais de:

- a) Os organismos autónomos locais.
- b) As entidades públicas empresariais locais.
- c) As fundacións do sector público local obrigadas a auditarse pola súa normativa específica.
- d) Os fondos e os consorcios aos que se refire o artigo 2.2 deste Regulamento.
- e) As sociedades mercantís e as fundacións do sector público local non sometidas á obrigación de auditarse que se incluíron no plan anual de auditorías.

b.2) A auditoría de cumprimento e a auditoría operativa, nas entidades sector público local non sometidas a control permanente, co fin último de mellorar a xestión do sector público local no seu aspecto económico, financeiro, patrimonial, orzamentario, contable, organizativo e procedemental.

A auditoría de cumprimento ten como obxecto a verificación de que os actos, operacións e procedementos de xestión económico-financeira desenvolvéronse de conformidade coas normas que lles son de aplicación.

A auditoría operativa ten como obxecto o exame sistemático e obxectivo das operacións e procedementos dunha organización, programa, actividade ou función pública, co obxecto de proporcionar unha valoración independente da súa racionalidade económico-financeira e a súa adecuación aos principios da boa xestión, a fin de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/07/2022 09:05	Páxina 9 de 93
3423-1101	CSV: A1ACBE-ACA9BB-5FB3CH-3CHT3G-ZLXJDS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

detectar as súas posibles deficiencias e propoñer as recomendacións oportunas en orde á corrección daquelas.

### III. RÉXIME XURÍDICO APLICABLE.

O control interno da xestión económica financeira das entidades locais atópase regulado fundamentalmente nos artigos 130, 133 e 136 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local; nos artigos 213 a 222 do Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, aprobado mediante Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, coas modificacións introducidas pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local; nos artigos 44 ao 51 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións e artigos 41 ao 49 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; así como pola propia normativa do Concello de Vigo, fundamentalmente as Bases de Execución do Orzamento.

Finalmente, o Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local (en diante RDCI), cuxa aprobación veu cumprir co mandato legal imposto por Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e Sostibilidade da Administración Local, de desenvolvemento regulamentario dos artigos 213 a 218 do texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e cuxa entrada en vigor produciuse o 1 de xullo de 2018, segundo establece a súa Disposición Final Segunda, para regular sobre os procedementos de control e metodoloxía de aplicación, co fin de, entre outros obxectivos, lograr un control económico orzamentario máis rigoroso e reforzar o papel da función interventora das Entidades Locais.

O artigo 29.4 do citado RDCI, establece ademais que no exercicio do control financeiro serán de aplicación as normas de control financeiro e auditoría pública vixentes en cada momento para o sector público estatal, como:

- ▣ A Resolución de 30 de xullo de 2015, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se ditan instrucións para o exercicio do control financeiro permanente.
- ▣ A Resolución de 30 de xullo de 2015, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se ditan instrucións para o exercicio da auditoría pública.
- ▣ A Resolución de 1 de setembro de 1998, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se ordena a publicación da Resolución que aproba as Normas de Auditoría do Sector Público.
- ▣ A Resolución de 15 de outubro de 2013, do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas, pola que se publican as novas Normas Técnicas de Auditoría, resultado da adaptación das Normas Internacionais de Auditoría para a súa aplicación en España (NIA-É).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/07/2022 09:05	Páxina 10 de 93
3423-1101	CSV: A1ACBE-ACA9BB-5FB3CH-3CHT3G-ZLXJDS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

- A Resolución de 18 de febreiro de 2014, da Intervención Xeral da Administración do Estado, sobre o proceso de adaptación das Normas de Auditoría do Sector Público ás Normas Internacionais de Auditoría.
- A Instrución 1/2015 da Oficina Nacional de Auditoría para a proposta e seguimento de medidas correctoras e a valoración dos plans de acción.
- Outras Circulares, Resolucións, Instrucións ou Notas Técnicas aprobadas pola Intervención Xeral da Administración do Estado, en desenvolvemento do control financeiro e a auditoría pública.

#### IV. ÁMBITO SUBJECTIVO E ALCANCE DO CONTROL FINANCEIRO.

##### IV. 1. Ámbito subjetivo.

O control será exercido polos órganos de intervención sobre a totalidade de entidades que conforman o sector público local: a Entidade Local e os organismos autónomos, sociedades mercantís, fundacións, fondos carentes de personalidade xurídica, consorcios e outras entidades, todos eles dependentes ou adscritos ás Entidades Locais.

##### Resumo das diferentes modalidades de control interno segundo a tipoloxía dos entes que conforman unha entidade local.

Ámbito subjetivo	Modalidade de control interno					
	Función Interventora	Control Financeiro				
		Control Permanente (auditoría)	Conta 413 (1)	Auditoría Pública		
				De contas	Cumprimento	Operativa
Entidade Local principal	Obrigatoria	Obrigatorio	Obrigatoria	Non	Non	Non
Organismos Autónomos Locais	Obrigatoria	Obrigatorio	Non	Obrigatoria	Non	Non
Sociedades Mercantís dependentes obrigadas a auditarse	Non	Non	Non	Obrigatoria	Obrigatoria	Obrigatoria
Sociedades Mercantís dependentes non obrigadas a auditarse	Non	Non	Non	Potestativa (Plan anual)	Potestativa (Plan anual)	Potestativa (Plan anual)
EPEL	Non	Non	Non	Obrigatoria	Obrigatoria	Obrigatoria
Fundacións SPL obrigadas a auditarse	Non	Non	Non	Obrigatoria	Obrigatoria	Obrigatoria
Fundacións SPL non obrigadas a auditarse	Non	Non	Clasificadas AA.PP. non audit. contas	Potestativa (Plan anual)	Potestativa (Plan anual)	Potestativa (Plan anual)
Fondos sin personalidade financiamento EL	Non	Non	Non	Obrigatoria	Obrigatoria	Obrigatoria
Conorcios adscritos EL	Réxime de control EL	Réxime de control EL	Non	Obrigatoria	Réxime de control EL	Réxime de control EL
Outras Entidades con participación EL	Non	Non	Clasificadas AA.PP. non audit. contas	Potestativa (Plan anual)	Potestativa (Plan anual)	Potestativa (Plan anual)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/07/2022 09:05	Páxina 11 de 93
3423-1101	CSV: A1ACBE-ACA9BB-5FB3CH-3CHT3G-ZLXJDS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

(1) A disposición adicional terceira da Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público, baixo a rúbrica “Control de entidades de Administraciones Públicas no sujetas a auditoría”, establece que: “En las entidades de las Administraciones Públicas no sujetas a auditoría de cuentas se efectuarán anualmente los trabajos de control precisos para, mediante técnicas de auditoría, verificar la existencia de obligaciones derivadas de gastos realizados o bienes y servicios recibidos para los que no se ha producido su imputación presupuestaria”.

No Concello de Vigo, conforman o sector público local aos efectos da realización do control financeiro, o propio Concello de Vigo como entidade local principal, así como as seguintes entidades dependentes:

Tipo entidade	Nome	Clasificación IGAE	Modalidades de control interno
Entidade principal local	Concello de Vigo	AAPP	- Función interventora (réxime xeral) - Control permanente
Organismo Autónomo Local	Xerencia Municipal de Urbanismo	AAPP	- Función interventora (réxime xeral) - Control permanente - Auditoría de contas
Fundación	Marco	AAPP	- Auditoría de contas - Auditoría de cumprimento - Auditoría operativa
Fundación	Vigo Convention Bureau	AAPP	- Auditoría de contas - Auditoría de cumprimento - Auditoría operativa
Fundación	Liste-Museo Etnográfico de Vigo (entidade dependente por control efectivo)	Pendente clasificación	- Auditoría de contas - Auditoría de cumprimento - Auditoría operativa
Fundación	Laxeiro (entidade dependente por control efectivo)	Pendente clasificación	- Auditoría de contas - Auditoría de cumprimento - Auditoría operativa
Fundación	Vigo en Deporte (entidade dependente por control efectivo)	Pendente clasificación	- Auditoría de contas - Auditoría de cumprimento - Auditoría operativa

A pesar de que, como dixemos, o RDCI establece a obrigatoriedade de realizar auditoría de contas nos organismos autónomos locais, a función contable sobre o organismo autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo exercea o propio órgano interventor do Concello, que á vez está obrigado a realizar a auditoría de contas.

Neste caso poderíase dar o suposto de autocontrol, que de acordo coa norma técnica 4.2.2 das Normas de Auditoría do Sector Público, impediría, pola perda total de imparcialidade que isto supón, realizar esta auditoría de contas polo órgano interventor. Tamén o Tribunal de Contas no seu informe do 29 de outubro de 2009 fixa o criterio da imposibilidade legal que se audite a quen está a exercer a función contable. Por este motivo, entendemos que non procede realizar unha auditoría de contas na XMU, cando o órgano encargado da realización desta auditoría no exercicio do control interno é o mesmo que desenvolve a función de contabilidade.

Por outra parte, ningunha das Fundacións que forma parte do Sector Público Local “Concello de Vigo” ten a obriga de someter as súas contas anuais á auditoría externa conforme ao disposto no artigo 25 da Lei 50/2002 de Fundacións, sen prexuízo do que



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/07/2022 09:05	Páxina 12 de 93
3423-1101	CSV: A1ACBE-ACA9BB-5FB3CH-3CHT3G-ZLXJDS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

a auditoría pode ser tamén un requisito fixado estatutariamente ou realizarse voluntariamente se así o requiren os seus patróns ou membros da fundación.

Como temos visto, o órgano interventor da Entidade Local realizará anualmente a auditoría das contas anuais das fundacións do sector público local obrigadas a auditarase pola súa normativa específica -no noso caso, ningunha-, así como a daquelas fundacións non sometidas á obrigação de auditarase que se incluíron no plan anual de auditorías, polo que, tendo en conta a conveniencia de seleccionar controis con regularidade e rotación, e de evitar repetir controis en actividades económico-financeiras cualificadas sen risco, e xa que no PACF do ano 2020 incluíronse as auditorías das contas e de cumprimento do ano 2019 das Fundacións Marco, Liste e Laxeiro, e no PACF do ano 2021 as auditorías das contas e de cumprimento do ano 2020 das Fundacións Vigo Convention Bureau e Vigo en Deporte, non se considera necesaria a realización de ningunha auditoría no ano 2022.

Deste xeito, no transcurso de tres exercicios consecutivos (2019-2021) o modelo de control alcanzou o cento por cento do orzamento xeral consolidado mediante a aplicación das modalidades de función interventora e control financeiro, dando cumprimento ao disposto no parágrafo segundo do artigo 4.3 do RDCI.

Calendario de auditorías 2019-2023 (previsión).

Auditoría de Contas Anuais					
Entidade / Exercicio auditado	2019	2020	2021	2022	2023
Fundación Marco	X			X	
Fundación Vigo Convention Bureau		X			X
Fundación Liste-Museo Etnográfico de Vigo	X			X	
Fundación Laxeiro	X			X	
Fundación Vigo en Deporte		X			X
Auditoría de Cumprimento					
Entidade / Exercicio auditado	2019	2020	2021	2022	2023
Fundación Marco	X			X	
Fundación Vigo Convention Bureau		X			X
Fundación Liste-Museo Etnográfico de Vigo	X			X	
Fundación Laxeiro	X			X	
Fundación Vigo en Deporte		X			X
Auditoría Operativa					
Entidade / Exercicio auditado	2019	2020	2021	2022	2023
Fundación Marco	X				
Fundación Vigo Convention Bureau		X			
Fundación Liste-Museo Etnográfico de Vigo	X				
Fundación Laxeiro	X				
Fundación Vigo en Deporte		X			

IV. 2. Medios dispoñibles.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/07/2022 09:05	Páxina 13 de 93
3423-1101	CSV: A1ACBE-ACA9BB-5FB3CH-3CHT3G-ZLXJDS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

De acordo co Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, o órgano interventor deberá contar cos medios necesarios e suficientes para contar cun modelo de control eficaz. Ante a ausencia de medios técnicos e/ou humanos adecuados para a realización das auditorías públicas, o citado Real Decreto contempla a posibilidade da Entidade Local de contratar para colaborar co órgano interventor a firmas privadas de auditoría que deberán axustarse ás instrucións ditadas polo órgano interventor, a cuxo efecto consignaranse nos orzamentos das Entidades Locais as contías suficientes para responder as necesidades de colaboración. Para iso, deberase proceder a licitar o contrato, mediante o procedemento correspondente e coa antelación suficiente que permita o cumprimento do plan establecido.

Neste sentido, tendo en conta que a Intervención Xeral Municipal non dispón dun Servizo propio ou Oficina de Control Financeiro, nin persoal destinado a esta modalidade de control necesario e preceptivo, dada a escasez de recursos humanos coa que conta na actualidade mesmo para o exercicio da tradicional función interventora<sup>12</sup>, normalmente, e coa excepción de determinadas tarefas que poderán ser executadas directamente cos medios dispoñibles, o Concello deberá contratar para colaborar nesta tarefa a firmas privadas de auditoría, que deberán axustarse ás instrucións ditadas polo órgano interventor. Con todo, resulta necesario a creación dun Servizo ou Oficina de Control Financeiro na Intervención Xeral Municipal habida conta do carácter permanente das funcións a desenvolver e a súa transcendencia para garantir un modelo de control eficaz, e para a mellora na xestión e na transparencia.

Por este motivo, o exercicio do control financeiro a realizar durante o exercicio 2022 limitarase ás actuacións que se indican no presente Plan.

## V. ACTUACIÓNS DE CONTROL FINANCEIRO A REALIZAR NO ANO 2022

### V. 1. CONTROL PERMANENTE.

#### V.1.1. ACTUACIÓNS ATRIBUÍDAS NO ORDENAMENTO XURÍDICO AO ÓRGANO INTERVENTOR.

Podemos citar as seguintes actuacións cuxa realización polo órgano interventor deriva dunha obriga legal, agrupadas por Área de control:

<sup>1</sup> A Intervención Xeral Municipal conta unicamente coa adscrición de 2 técnicos superiores do subgrupo A1 -a Interventora Xeral adxunta e a xefa do Servizo de Fiscalización-, ademais do Interventor Xeral, e 2 técnicos medios do subgrupo A2.

<sup>2</sup> Compre lembrar que o Concello de Vigo non acordou para ningún tipo de expediente de gasto a aplicación do réxime de requisitos básicos a efectos de fiscalización e intervención limitada previa, polo que resulta aplicable o réxime xeral de fiscalización e intervención previa “plena” para o control interno de todos os gastos e obrigacións, o que demanda unha maior necesidade de persoal adicado ao exercicio da función interventora.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/07/2022 09:05	Páxina 14 de 93
3423-1101	CSV: A1ACBE-ACA9BB-5FB3CH-3CHT3G-ZLXJDS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Área de estabilidade orzamentaria e endebedamento (TRLRFL; LOEOSF; Orde HAP/2105/2012; RD 1463/2007).

- Avaliación do cumprimento dos obxectivos de estabilidade e do límite de débeda das liñas fundamentais do orzamento.
- Avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade e do límite de débeda do proxecto dos orzamentos.
- Avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade, regra de gasto e límite de débeda na liquidación dos orzamentos do conxunto das entidades que integran o sector público local e foran clasificadas como AA.PP. pola IGAE.
- Actualización trimestral do informe de intervención sobre cumprimento do obxectivo de estabilidade e límite de débeda; así como unha avaliación do cumprimento da regra de gasto ao peche do exercicio.
- Informe trimestral sobre a execución do plan de axuste.
- Verificación anual do cumprimento dos plans económico-financeiros.
- Verificación do cumprimento do plan económico-financeiro no exercicio anterior e orzamento vixente como requisito previo para a autorización de operacións de endebedamento.
- A emisión de informe previo á concertación ou modificación das operacións de crédito.
- Informe sobre as operacións de crédito a longo prazo dos organismos autónomos e sociedades mercantís.
- Avaliación do cumprimento do principio de prudencia financeira na concertación das operacións de endebedamento.

Área de morosidade e facturación electrónica.

- Información mensual relativa ao Período Medio de Pago.
- Seguimento do cumprimento do período medio de pago a provedores e formular, de ser o caso, a oportuna comunicación de alerta.
- Informe anual no que avaliarase o cumprimento da normativa en materia de morosidade.
- Auditoría de sistemas anual para verificar que os correspondentes rexistros contables de facturas cumpren coas condicións de funcionamento previstas na Lei 25/2013 e a súa normativa de desenvolvemento.

Área de orzamentos, contabilidade e control.

- O informe dos proxectos de orzamentos e dos expedientes de modificación destes.
- A emisión de informe previo á aprobación da liquidación do Orzamento.
- Informe da prórroga do orzamento.
- Informe sobre as medidas a adoptar cando na liquidación do orzamento o remanente de tesourería sexa negativo.
- Informe sobre as normas da expedición de pagos a xustificar e anticipos de caixa fixa.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/07/2022 09:05	Páxina 15 de 93
3423-1101	CSV: A1ACBE-ACA9BB-5FB3CH-3CHT3G-ZLXJDS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

- Informe acerca da consistencia e soporte das proxeccións orzamentarias que conteña a memoria económica dos investimentos financeiramente sustentables financiados co superávit do exercicio precedente, e informe ao Ministerio de Facenda e Administracións públicas dos investimentos executados.
- Informe previo á revogación do acordo de redución de gastos do novo orzamento, adoptado en caso de liquidación do orzamento anterior con remanente de tesourería negativo.
- Informe resumo anual dirixido a a Intervención Xeral da Administración do Estado sobre os resultados do control interno respecto da xestión económica da entidade local.
- Informe ao Pleno de todas as resolucións adoptadas polo Presidente de a Entidade Local contrarios os reparos efectuados polo órgano interventor, así como un resumo das principais anomalías detectadas en materia de ingresos.
- Informe ao Tribunal de Contas sobre as resolucións e acordos adoptados pola presidencia da Entidade Local e polo Pleno da Corporación contrarios aos reparos formulados, así como un resumo das principais anomalías detectadas en materia de ingresos.
- Informe ao Pleno sobre o resultado do control financeiro.

Área de competencias e servizos (Lei 7/1985 LRBRL modificada pola Lei 27/2013 LRSAL).

- Informe aos convenios de delegación formalizados antes e despois de entrada en vigor da LRSAL (31 de decembro de 2013).
- Informe para o exercicio de competencias distintas das propias e das delegadas.
- Ditame sobre a procedencia da implantación de novos Servizos ou a reforma dos existentes a efectos da avaliación da repercusión económico-financeira e estabilidade orzamentaria das respectivas propostas.
- Informe do interventor no que valorará a sostibilidade financeira das propostas para xestionar os servizos públicos de competencia local mediante a forma de Entidade pública empresarial local ou Sociedade mercantil local, cuxo capital social sexa de titularidade pública.
- Informe relativo ao cumprimento dos principios previstos na Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira no caso de creación de entes de ámbito territorial inferior ao Municipio, carentes de personalidade xurídica, como forma de organización desconcentrada do mesmo para a administración de núcleos de poboación separados.
- Informe de avaliación da eficiencia económica e a sostibilidade financeira nos supostos de constitución de consorcios.
- Informe sobre as iniciativas populares, cando estas afecten a dereitos e obrigacións de contido económico do concello.
- Informe de Intervención sobre o exercicio de actividades económicas.
- Informe previo á aprobación do plan de corrección do desequilibrio financeiro das entidades vinculadas ás entidades locais que desenvolvan actividades económicas.
- Informe previo á autorización para destinar o patrimonio municipal do chan para reducir a débeda comercial e financeira.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/07/2022 09:05	Páxina 16 de 93
3423-1101	CSV: A1ACBE-ACA9BB-5FB3CH-3CHT3G-ZLXJDS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



- ▣ Informe de Intervención na determinación nas bases de execución dos criterios dereitos de difícil ou imposible recadación.
- ▣ Comunicación ao Ministerio de Facenda do detalle necesario para o mantemento Base de Datos Xeral de Entidades Locais e do Inventario de Entes do Sector Público Local.

#### Outras actuacións previstas na normativa vixente (RBEL, LXS, RD-Lei 17/2014).

- ▣ A emisión de informes, ditames e propostas que en materia económico-financeira ou orzamentaria fóronlle solicitadas pola presidencia, por un terzo dos Concelleiros ou Deputados ou cando se trate de materias para as que legalmente se esixa unha maioría especial.
- ▣ Informe sobre a inexistencia de débedas pendentes de liquidación na cesión gratuíta de bens.
- ▣ Informe ás bases reguladoras de concesión de subvencións.
- ▣ Envío de información á Base Nacional de subvencións.
- ▣ Remisión dos convenios subscritos entre as CCAA e EELL.

#### V.1.2. ACTUACIÓNS SELECCIONADAS SOBRE A BASE DUNHA ANÁLISE DE RISCOS.

O Plan Anual de Control Financeiro incluírá tamén aquelas actuacións que anualmente se seleccionen sobre a base dunha análise de riscos consistente cos obxectivos que se pretendan conseguir, as prioridades establecidas para cada exercicio e os medios dispoñibles (artigo 31.2 RDCI).

O concepto de risco debe ser entendido como a posibilidade de que se produzan feitos ou circunstancias na xestión sometida a control susceptibles de xerar incumprimentos da normativa aplicable, falta de fiabilidade da información financeira, inadecuada protección dos activos ou falta de eficacia e eficiencia na xestión.

Unha vez identificados os riscos será necesario asignar prioridades para seleccionar as actuacións para realizar. Desta maneira, realizarase unha avaliación para estimar a importancia do risco, utilizando tanto criterios cuantitativos como cualitativos, e atenderase á conveniencia de seleccionar controis con regularidade e rotación, evitando tanto repetir controis en actividades económico-financeiras cualificadas sen risco como que se xeren debilidades precisamente pola ausencia reiterada de control.

A estes efectos incorpórase ao presente Plan o oportuno análise de riscos como documento ANEXO I. Logo desta análise de riscos e tendo en conta as limitacións en canto aos medios dispoñibles, xa que a Intervención Xeral Municipal non conta con persoal adscrito para a realización do control financeiro, procede seleccionar as actuacións seguintes:

A. Control financeiro posterior das liquidacións aprobadas no exercicio 2021 por concesións administrativas outorgadas polo Concello de Vigo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/07/2022 09:05	Páxina 17 de 93
3423-1101	CSV: A1ACBE-ACA9BB-5FB3CH-3CHT3G-ZLXJDS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

O Pleno do Concello de Vigo acordou nas Bases de Execución dos Orzamentos a substitución da fiscalización previa dos dereitos e ingresos da tesourería do Concello de Vigo polo control inherente á toma de razón en contabilidade e o control posterior mediante o exercicio do control financeiro.

Tendo en conta que no exercicio 2021 realizouse o control financeiro dos ingresos municipais, se ben para os recibos correspondentes a concesións non se puido verificar a corrección da cota aplicada por non ter acceso aos seus expedientes, realizarase o “Control financeiro posterior das liquidacións aprobadas no exercicio 2021 por concesións administrativas outorgadas polo Concello de Vigo”.

B. Control financeiro posterior mediante técnicas de mostraxe ou auditoría das subvencións directas nominativas outorgadas polo Concello de Vigo e a Xerencia Municipal de Urbanismo no exercicio 2021 (artigos 44 a 51 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións e artigos 41 ao 49 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia).

Pola categoría do risco e a obrigatoriedade de realizar o control financeiro das subvencións conforme ao disposto na lexislación sobre subvencións, e tendo en conta que nos exercicios anteriores xa se realizou o control da práctica totalidade das liñas de subvencións que se conceden en réxime de concorrencia competitiva, realizarase o “Control financeiro posterior mediante técnicas de mostraxe ou auditoría das subvencións directas nominativas outorgadas polo Concello de Vigo e a Xerencia Municipal de Urbanismo no exercicio 2021”.

O control financeiro de subvencións exercerase respecto de beneficiarios e, no seu caso, entidades colaboradoras, por razón das subvencións nominativas concedidas polo Concello de Vigo e pola Xerencia Municipal de Urbanismo durante o exercicio 2021.

O control financeiro de subvencións terá como obxecto verificar:

- a) A adecuada e correcta obtención da subvención por parte do beneficiario.
- b) O cumprimento por parte de beneficiarios e entidades colaboradoras das súas obrigacións na xestión e aplicación da subvención.
- c) A adecuada e correcta xustificación da subvención por parte de beneficiarios e entidades colaboradoras.
- d) A realidade e a regularidade das operacións que, de acordo coa xustificación presentada por beneficiarios e entidades colaboradoras, foron financiadas coa subvención.
- e) O adecuado e correcto financiamento das actividades subvencionadas.
- f) A existencia de feitos, circunstancias ou situacións non declaradas á Administración por beneficiarios e entidades colaboradoras e que puidesen afectar ao financiamento das actividades subvencionadas, á adecuada e correcta obtención, utilización, disfrute ou xustificación da subvención, así como á realidade e regularidade das operacións con ela financiadas.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/07/2022 09:05	Páxina 18 de 93
3423-1101	CSV: A1ACBE-ACA9BB-5FB3CH-3CHT3G-ZLXJDS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Tendo en conta as subvencións nominativas concedidas polo Concello de Vigo, así como a súa importancia relativa no conxunto dos gastos desta natureza, as actuacións de control realizaranse sobre unha mostraxe das subvencións concedidas seleccionadas conforme aos seguintes criterios:

1. Da base de datos de contabilidade obtérase unha relación das subvencións nominativas concedidas con cargo aos créditos do orzamento do exercicio 2021. A estes efectos, se ben nos orzamentos iniciais do Concello de Vigo para o exercicio 2021 constan un total 102 subvencións desta natureza, tendo en conta os datos de execución orzamentaria do citado exercicio, unicamente foron concedidas 89 delas por un importe total de 3.302.703,28 euros.

2. O control financeiro realizarase sobre unha mostra do 50% das subvencións concedidas, seleccionando as 45 subvencións de maior importe, que representan o 89% do importe total concedido (2.940.120,02 euros).

No ANEXO III incorpórase unha relación das subvencións nominativas seleccionadas.

A realización destes traballos será contratada a firmas privadas de auditoría.

C. Control financeiro posterior dos prazos de tramitación dos contratos maiores formalizados polo Concello de Vigo no exercicio 2021.

Tendo en conta a estreita vinculación entre os riscos detectados na área de contratación, e que o control financeiro posterior dos contratos menores celebrados polo Concello de Vigo xa foi seleccionada no PACF do ano 2021, realizarase o "Control financeiro posterior dos prazos de tramitación dos contratos maiores formalizados polo Concello de Vigo no exercicio 2021", coa finalidade de garantir a continuidade na prestación dos servizos e subministracións considerados esenciais ou de prestación obrigatoria polas entidades locais.

## V.2. AUDITORÍA PÚBLICA.

No ano 2022 non se realizarán auditorías de ningún tipo das Fundacións dependentes do Concello de Vigo.

## V.3. OUTRAS ACTUACIÓNS.

Ademais, para o completo control da actividade económico financeira da Entidade, este Plan Anual inclúe a seguinte actuación complementaria de control:

D. Auditoría da conta 413 no exercicio 2021 e a súa correlación co rexistro de facturas, por aplicación da disposición adicional terceira da Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/07/2022 09:05	Páxina 19 de 93
3423-1101	CSV: A1ACBE-ACA9BB-5FB3CH-3CHT3G-ZLXJDS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Durante o presente exercicio, e dada a limitación nos recursos dispoñibles, non se prevé a realización de auditorías operativas, de sistemas, ou doutra natureza.

## VI. EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS DE AUDITORÍA PÚBLICA.

As actuacións de auditoría pública someteranse ás normas de auditoría do sector público aprobadas pola Intervención Xeral da Administración do Estado e ás normas técnicas que as desenvolvan, en particular, nos aspectos relativos á execución do traballo, elaboración, contido e presentación dos informes, e colaboración doutros auditores, así como aqueloutros aspectos que se consideren necesarios para asegurar a calidade e homoxeneidade dos traballos de auditoría pública.

O órgano interventor comunicará por escrito o inicio das actuacións ao titular do servizo, órgano, organismo ou entidade auditada. Cando os traballos de auditoría inclúan actuacións a desenvolver dentro do ámbito de actuación doutro órgano de control, comunicarse o inicio das actuacións ao titular do devandito órgano de control.

Así mesmo, naqueles casos en que sexa necesario realizar actuacións noutros servizos, órganos, organismos ou entidades públicas distintas dos que son obxecto da auditoría, comunicarse ao titular do devandito servizo, órgano, organismo ou entidade.

Para a aplicación dos procedementos de auditoría poderán desenvolverse as seguintes actuacións:

- a) Examinar cuantos documentos e antecedentes de calquera clase afecten directa ou indirectamente á xestión económico financeira do órgano, organismo ou ente auditado.
- b) Requirir tanta información e documentación considérese necesaria para o exercicio da auditoría.
- c) Solicitar a información fiscal e a información de Seguridade Social dos órganos, organismos e entidades públicas que se considere relevante para os efectos da realización da auditoría.
- d) Solicitar dos terceiros relacionados co servizo, órgano, organismo ou entidade auditada información sobre operacións realizadas polo mesmo, sobre os saldos contables xerados por estas e sobre os custos, cando estea previsto expresamente no contrato o acceso da administración aos mesmos ou exista un acordo respecto diso co terceiro. As solicitudes efectuaranse a través da entidade auditada salvo que o órgano de control considere que existen razóns que aconsellan a solicitude directa de información.
- e) Verificar a seguridade e fiabilidade dos sistemas informáticos que soportan a información económico-financiera e contable.
- f) Efectuar as comprobacións materiais de calquera clase de activos dos entes auditados, a cuxo fin os auditores terán libre acceso aos mesmos.
- g) Solicitar os asesoramentos e ditames xurídicos e técnicos que sexan necesarios.
- h) Cantas outras actuacións considérense necesarias para obter evidencia na que soportar as conclusións.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/07/2022 09:05	Páxina 20 de 93
3423-1101	CSV: A1ACBE-ACA9BB-5FB3CH-3CHT3G-ZLXJDS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

## VII. CONTRATACIÓN DAS ACTUACIÓNS DE AUDITORÍA PÚBLICA.

Ata que se cree e dote cos medios necesarios e suficientes o Servizo de Control Financeiro da Intervención Xeral Municipal, a Entidade Local deberá contratar para colaborar co órgano interventor a firmas privadas de auditoría que deberán axustarse ás instrucións ditadas polo órgano interventor.

Os auditores serán contratados por un prazo máximo de dous anos, prorrogable nos termos establecidos na lexislación de contratos do sector público, non podendo superarse os oito anos de realización de traballos sobre unha mesma entidade a través de contratacións sucesivas, incluídas as súas correspondentes prórrogas, nin podendo aos devanditos efectos ser contratados para a realización de traballos sobre unha mesma entidade ata transcorridos dous anos desde a finalización do período de oito.

## VIII. DO RESULTADO DO CONTROL FINANCEIRO.

O resultado das actuacións de control permanente e de cada unha das auditorías documentarase en informes escritos, nos que se expoñerán de forma clara, obxectiva e ponderada os feitos comprobados, as conclusións obtidas e, no seu caso, as recomendacións sobre as actuacións obxecto de control. Así mesmo, indicaranse as deficiencias que deban ser emendadas mediante unha actuación correctora inmediata, debendo verificarse a súa realización nas seguintes actuacións de control.

## IX. DESTINATARIOS DOS INFORMES.

Os informes definitivos de control financeiro serán remitidos polo órgano interventor ao xestor directo da actividade económico-financieira controlada e ao Presidente da Entidade Local, así como, a través deste último, ao Pleno para o seu coñecemento. A análise do informe constituirá un punto independente na orde do día da correspondente sesión plenaria.

A información contable das entidades do sector público local e, no seu caso, os informes de auditoría de contas anuais, deberán publicarse nas sedes electrónicas corporativas.

Esta mesma información deberá remitirse á Intervención Xeral da Administración do Estado, para a súa integración no rexistro de contas anuais do sector público regulado no artigo 136 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Orzamentaria, de conformidade coas instrucións que se diten respecto diso.

## ANEXO I. ANÁLISE DE RISCOS



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/07/2022 09:05	Páxina 21 de 93
3423-1101	CSV: A1ACBE-ACA9BB-5FB3CH-3CHT3G-ZLXJDS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

**Identificación e valoración dos riscos.**

O concepto de risco debe ser entendido como a posibilidade de que se produzan feitos ou circunstancias na xestión económica sometida a control interno, pero á que non se estende a función interventora, susceptibles de xerar (artigo 31 RDCI):

- ▢ Incumprimentos da normativa aplicable (L),
- ▢ Falta de fiabilidade da información financeira (F),
- ▢ Inadecuada protección dos activos (A) ou,
- ▢ Falta de eficacia e eficiencia na xestión (X).

Unha vez identificados os riscos será necesario asignar prioridades para seleccionar as actuacións para realizar. Desta maneira, realizarase unha avaliación para estimar a importancia do risco, utilizando tanto criterios cuantitativos como cualitativos, e atenderase á conveniencia de seleccionar controis con regularidade e rotación, evitando tanto repetir controis en actividades económico-financieiras cualificadas sen risco como que se xeren debilidades precisamente pola ausencia reiterada de control.

Durante o exercicio 2022, o Concello de Vigo non acordou o establecemento dun réxime de requisitos básicos a efectos de fiscalización e intervención limitada previa para ningún tipo de gasto, aplicándose o réxime xeral de fiscalización e intervención previa para a totalidade dos gastos e obrigacións, o que supón un límite importante no ámbito do exercicio do control financeiro permanente, na medida na que, conforme ao disposto no artigo 13.4 do RDCI, as obrigacións ou gastos sometidos á fiscalización e intervención limitada previa serán obxecto doutra plena con posterioridade no marco das actuacións do control financeiro que se planifiquen.

A categorización dos riscos mídese segundo a súa probabilidade de que acontezan e o impacto potencial que se deduce. Para cada un dos factores asígnase unha puntuación: a máis alta (5 puntos) significa un risco severo ou unha probabilidade case certa; a máis baixa (1 punto), comporta un risco insignificante e unha probabilidade moi baixa. Deste xeito, a puntuación do risco obtense como resultado de multiplicar a probabilidade polo impacto.

		Importancia dos riscos potenciais (probabilidade por impacto)				
		PROBABILIDADE				
	Puntos	Mínima	Improbable	Posible	Bastante probable	Certa
<b>I</b>	<b>Puntos</b>	<b>1</b>	<b>2</b>	<b>3</b>	<b>4</b>	<b>5</b>
<b>M</b>	<b>Severo</b>	5	10	15	20	25
<b>P</b>	<b>Importante</b>	4	8	12	16	20
<b>A</b>	<b>Medio</b>	3	6	9	12	15
<b>C</b>	<b>Reducido</b>	2	4	6	8	10
<b>T</b>	<b>Insignificante</b>	1	2	3	4	5



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/07/2022 09:05	Páxina 22 de 93
3423-1101	CSV: A1ACBE-ACA9BB-5FB3CH-3CHT3G-ZLXJDS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Para a realización da análise de riscos identificáronse as seguintes áreas homoxéneas de xestión definidas polo tipo de actividade (sete): Contratación, Tesourería, Contabilidade e Orzamentos, Personal, Subvencións, Sistemas e Xestión de Ingresos.

Área	Tipo de risco	Descrición do risco	Impacto	Probabilidade	Valoración	Tipo de actuación (1)
Contratación	L, A, X	Existencia de expedientes con omisión do trámite de fiscalización previa	Severo	Improbable	10	a, e
	L, X	Xestión administrativa e orzamentaria inadecuada. Existencia de expedientes de recoñecemento extraxudicial de créditos ou convalidación do gasto realizado	Severo	Mínima	5	e
	L, X	Atrasos no inicio ou na tramitación dos expedientes de contratación	Importante	Posible	12	e
	L, X	Uso inadecuado ou excesivo dos contratos menores, non sometidos a fiscalización previa. Falta de planificación na contratación	Importante	Posible	12	a, e
	L, A	Incorrecta execución das prestacións contempladas no contrato como melloras ofertadas polo contratista	Severo	Improbable	10	a, e
	X	Baixa execución orzamentaria dos investimentos (capítulo VI do estado de gastos)	Importante	Posible	12	b, e
	A, X	Ausencia de control dos gastos de material non inventariable	Reducido	Posible	6	e
	A, X	Incumprimento do prazo contractual por circunstancias imputables ao contratista	Medio	Posible	9	a, e
Tesourería	F, X	Xestión inadecuada da tesourería. Operacións de tesourería que encobren necesidades de financiamento a longo prazo	Importante	Mínima	4	c
	A, X	Xestión da tesourería. Riscos derivados da existencia de caixas de efectivo ou transaccións numerosas ou importantes	Importante	Mínima	4	c
	L, A	Existencia de pagos a terceiros sen a autorización conxunta do ordenador de pagos, o interventor e o tesoureiro.	Severo	Mínima	5	c
	L, A, X	Existencia de fondos municipais situados en contas correntes de titularidade non municipal	Severo	Improbable	10	c
	L, X	Gastos menores de 3.005,06 satisfeitos a través de ACF ou sistemas de pago equivalentes	Medio	Improbable	6	e
	L, F, X	Incumprimento do prazo de pago a provedores	Severo	Mínima	5	b, c
Contabilidade e orzamentos	L, F	Dotación inadecuada ou insuficiente aos saldos de dubidoso cobro aos efectos de cuantificar o RTGX	Severo	Mínima	5	e, f
	F	Elevado importe ou antigüidade de partidas pendentes de aplicación. Importe aparentemente excesivo de debedores e acredores por operacións non orzamentarias	Importante	Improbable	8	f
	F, X	Análise da conta 413 e conciliación co rexistro de facturas	Severo	Improbable	10	b, d, e, f
	L, F	Non seguimento ou seguimento inadecuado dos gastos con financiamento afectado	Importante	Posible	12	a, b, f
	X	Inadecuada orzamentación: Excesivo número	Medio	Posible	9	b, e



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 22/07/2022 09:05

Páxina 23 de 93

3423-1101

CSV: A1ACBE-ACA9BB-5FB3CH-3CHT3G-ZLXJDS-F1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

		de modificacións orzamentarias ou importe significativo das mesmas en relación aos créditos iniciais				
	L, F	Rexistro contable de provisións e contingencias	Importante	Posible	12	a, b, e
	A	Remanente de tesourería negativo para gastos xerais	Severo	Mínima	5	b, e
<b>Persoal</b>	L	Permisos concedidos aos empregados públicos	Medio	Posible	9	a, e
	L	Situacións administrativas dos empregados públicos	Medio	Improbable	6	a, e
	L, X	Sistemas de provisión dos postos de traballo	Medio	Bastante probable	12	a, e
<b>Subvencións</b>	L, X	Inexistencia ou incumprimento do Plan Estratégico de Subvencións	Medio	Improbable	6	a, b, e
	L, X	Inadecuada obtención e xustificación de subvencións e axudas públicas, ou incumprimento das obrigas na xestión e aplicación das subvencións	Importante	Posible	12	d, e
	L, A, X	Falta de tramitación de los expedientes de reintegro	Importante	Improbable	8	a, d, e
<b>Sistemas de información</b>	F	Controles inadecuados ou insuficientes sobre o acceso aos sistemas de información, bases de datos e/ou rexistro das operacións	Importante	Improbable	8	e
	F	Falta de integración da infraestrutura informática. Incoherencias entre a información procedente de diferentes sistemas	Importante	Posible	12	e
	F, X	Posibles erros nos automatismos entre as aplicacións de recadación e contabilidade	Importante	Improbable	8	f
<b>Xestión de ingresos</b>	L	Control posterior de dereitos e ingresos: Impostos Municipais Directos e Indirectos	Importante	Improbable	8	a, f
	L	Control posterior de dereitos e ingresos: Taxas, Prezos Públicos e outros ingresos	Importante	Improbable	8	a, f
	L	Control posterior de dereitos e ingresos: Produtos de concesións administrativas	Importante	Posible	12	a, f

(1) Os traballos de control permanente realizaranse de forma continuada e incluírán as seguintes actuacións (artigo 32 RDCI):

- Verificación do cumprimento da normativa e procedementos aplicables aos aspectos da xestión económica aos que non se estende a función interventora.
- Seguimento da execución orzamentaria e verificación do cumprimento dos obxectivos asignados.
- Comprobación da planificación, xestión e situación da tesourería.
- As actuacións previstas nas normas orzamentarias e reguladoras da xestión económica do sector público local atribuídas ao órgano interventor.
- Análise das operacións e procedementos, co obxecto de proporcionar unha valoración da súa racionalidade económico-financeira e a súa adecuación aos principios de boa xestión, a fin de detectar as súas posibles deficiencias e propoñer as recomendacións en orde á corrección daquelas.
- Na Entidade Local, verificar, mediante técnicas de auditoría, que os datos e información con transcendencia económica proporcionados polos órganos xestores como soporte da información contable, reflicten razoablemente o resultado as operacións derivadas da súa actividade económico-financeira.

Como resultado desta análiseponse de manifesto que os maiores riscos para o Concello de Vigo son os seguintes:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/07/2022 09:05	Páxina 24 de 93
3423-1101	CSV: A1ACBE-ACA9BB-5FB3CH-3CHT3G-ZLXJDS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



- ▣ Área de contratación: (1) Atrasos no inicio ou na tramitación dos expedientes de contratación; (2) uso inadecuado ou excesivo dos contratos menores, non sometidos a fiscalización previa -falta de planificación na contratación-; (3) baixa execución orzamentaria dos investimentos.
- ▣ Área de contabilidade e orzamentos: (4) Non seguimento ou seguimento inadecuado dos gastos con financiamento afectado; (5) rexistro contable de provisións e continxencias.
- ▣ Área de persoal: (6) Sistemas de provisión dos postos de traballo.

Con todo, non se considera conveniente realizar neste intre o control financeiro dos sistemas de provisión dos postos de traballo, xa que precisamente na actualidade estase a tramitar o expediente 1690-110 relativo á “Modificación da relación de postos de traballo do Concello de Vigo respecto do sistema de provisión dos postos de traballo en cumprimento da sentenza do Xulgado Contencioso nº 62/2021, ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no R.C.A. procedemento abreviado nº 180/2020.”.

- ▣ Área de subvencións: (7) Inadecuada obtención e xustificación de subvencións e axudas públicas, ou incumprimento das obrigas na xestión e aplicación das subvencións.
- ▣ Área de sistemas: (8) Falta de integración da infraestrutura informática. Incoherencias entre a información procedente de diferentes sistemas.

As normas reguladoras da auditoría pública máis recentes (tamén o RD 424/2017 no ámbito local), recollen a necesidade de que os auditores revisen a fiabilidade dos sistemas de información, dos controis internos e da seguridade da información, co obxectivo de verificar que o sistema de control interno proporciona unha seguridade razoable sobre a confidencialidade, integridade, autenticidade, dispoñibilidade, e trazabilidade dos datos, a información e os activos dos sistemas de información.

Con todo, nunha contorna informatizada de complexidade media ou alta, a revisión dos controis xerais de tecnoloxías da información requirirá, normalmente, a colaboración dun ou varios expertos en auditoría de sistemas de información e a aplicación dunha metodoloxía específica, polo que entendemos que a avaliación da integración da infraestrutura informática deber encadrarse nun obxectivo máis amplo e complexo, sendo susceptible de realizarse en vindeiros exercicios dentro dun Plan centrado especificamente nesta área, para o que deberá contarse coa colaboración doutras entidades públicas e concertar os convenios oportunos ou, no seu defecto, contratar a firmas privadas especializadas nesta área de auditoría.

- ▣ Área de xestión de ingresos: (9) Control posterior de dereitos e ingresos: Produtos de concesións administrativas.

#### Actuacións seleccionadas.

Logo da precedente análise de riscos e tendo en conta as limitacións en canto aos medios dispoñibles, xa que a Intervención Xeral Municipal non conta cunha oficina ou servizo específicos, nin persoal adscrito para a realización do control financeiro, procede seleccionar as actuacións seguintes:

Actuación 1. Área de contratación.-



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/07/2022 09:05	Páxina 25 de 93
3423-1101	CSV: A1ACBE-ACA9BB-5FB3CH-3CHT3G-ZLXJDS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Na área de contratación, tendo en conta a estreita vinculación entre os riscos detectados, e que o control financeiro posterior dos contratos menores celebrados polo Concello de Vigo xa foi seleccionada no PACF do ano 2021, realizarase o “Control financeiro posterior dos prazos de tramitación dos contratos maiores formalizados polo Concello de Vigo no exercicio 2021”, coa finalidade de garantir a continuidade na prestación dos servizos e subministracións considerados esenciais ou de prestación obrigatoria polas entidades locais.

Actuación 2. Área de subvencións.-

Pola categoría do risco e a obrigatoriedade de realizar o control financeiro das subvencións conforme ao disposto na lexislación sobre subvencións, e tendo en conta que nos exercicios anteriores xa se realizou o control da práctica totalidade das liñas de subvencións que se conceden en réxime de concorrencia competitiva, realizarase o “Control financeiro posterior mediante técnicas de mostraxe ou auditoría das subvencións directas nominativas outorgadas polo Concello de Vigo e a Xerencia Municipal de Urbanismo no exercicio 2021”.

Actuación 3. Área de xestión de ingresos.-

Pola categoría do risco e a obrigatoriedade de realizar o control financeiro dos ingresos, e tendo en conta que no exercicio 2021 realizouse o control financeiro dos ingresos municipais, se ben para os recibos correspondentes a concesións non se puido verificar a corrección da cota aplicada por non ter acceso aos seus expedientes, realizarase o “Control financeiro posterior das liquidacións aprobadas no exercicio 2021 por concesións administrativas outorgadas polo Concello de Vigo”.

Actuación 4. Área de contabilidade e orzamentos.-

Por aplicación da disposición adicional terceira da Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público, a “Auditoría da conta 413 no exercicio 2021 e a súa correlación co rexistro de facturas”.

Non se realiza outra actuación nesta área para non concentrar varias actuacións nunha mesma área, dadas as limitacións existentes, se ben procuraranse realizar nos vindeiros exercicios a fin de garantir a adecuada rotación nos controis e evitar a xeración de debilidades pola ausencia reiterada de control.”

ANEXO II. CADRO RESUMO DAS ACTUACIÓNS DE CONTROL FINANCEIRO A REALIZAR NO EXERCICIO 2022

1. Actuacións atribuídas no Ordenamento Xurídico ao órgano Interventor.

Medios: Propios

Calendario de realización:

Xan	Feb	Mar	Abr	Mai	Xuñ	Xul	Ago	Set	Out	Nov	Dec

2. Control financeiro posterior dos prazos de tramitación dos contratos maiores formalizados polo Concello de Vigo no exercicio 2021.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/07/2022 09:05	Páxina 26 de 93
3423-1101	CSV: A1ACBE-ACA9BB-5FB3CH-3CHT3G-ZLXJDS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Medios: Propios

Calendario de realización:

Xan	Feb	Mar	Abr	Mai	Xuñ	Xul	Ago	Set	Out	Nov	Dec

3. Control financeiro posterior mediante técnicas de mostraxe ou auditoría das subvencións directas nominativas outorgadas polo Concello de Vigo e a Xerencia Municipal de Urbanismo no exercicio 2021.

Medios: Firmas privadas de auditoría

Calendario de realización:

Xan	Feb	Mar	Abr	Mai	Xuñ	Xul	Ago	Set	Out	Nov	Dec

4. Control financeiro posterior das liquidacións por concesións administrativas outorgadas polo Concello de Vigo aprobadas no exercicio 2021.

Medios: Propios

Calendario de realización:

Xan	Feb	Mar	Abr	Mai	Xuñ	Xul	Ago	Set	Out	Nov	Dec

5. Auditoría da conta 413 no exercicio 2021 e a súa correlación co rexistro de facturas.

Medios: Propios

Calendario de realización:

Xan	Feb	Mar	Abr	Mai	Xuñ	Xul	Ago	Set	Out	Nov	Dec

### ANEXO III. RELACIÓN DE SUBVENCIONES NOMINATIVAS SELECCIONADAS

Aplicación	Crédito inicial	Crédito definitivo	Importe concedido	Terceiro
3260.4890001	606.039,31	606.039,31	606.039,31	CONVENIOS FOAMPA
3380.4700001	320.000,00	320.000,00	320.000,00	CONVENIO MARISQUIÑO, COFINANCIADO DEPUTACIÓN
3340.4800008	195.000,00	195.000,00	195.000,00	CONVENIO CULTURAL ASOCIACION DE CORALES POLIFONIA
3340.4800010	173.200,00	173.200,00	173.200,00	FED.BANDAS POPULARES DE MÚSICA DE VIGO, MAR DE BAN
3340.4890008	125.000,00	125.000,00	104.521,56	ORQUESTA VIGO 430, PROGRAMA DE CONCERTOS
2410.4700005	55.000,00	100.000,00	100.000,00	FEIRA METAL MINDTECH
3410.4890017	100.000,00	100.000,00	100.000,00	SUBV. CORUXO FC
3410.4890005	84.500,00	84.500,00	84.500,00	SUBVEN.EQUIPO ELITE BOSCO CD BALONCESTO
2310.4890013	83.000,00	83.000,00	83.000,00	FUNDACIÓN PROVINCIAL BANCO DE ALIMENTOS DE VIGO
3380.4890007	63.000,00	63.000,00	63.000,00	CONV. FEST.FOLCLOR. INTER.CONCE. VIGO AS.INTERFOLC



3340.4800005	50.000,00	60.000,00	60.000,00	AS.AMIGOS DA OPERA DE VIGO, OUTONO LÍRICO
2310.4890004	57.060,00	57.060,00	57.060,00	FUNDACIÓN DE LA SANTA CRUZ
2310.4890003	55.000,00	55.000,00	55.000,00	CONVENIO AFAN
3410.4890007	53.000,00	53.000,00	53.000,00	SUBV. EQU. ELITE AMFIV-BALONCESTO CADEIRA DE RODAS
3112.4890001	50.000,00	50.000,00	50.000,00	CONVENIO EDUCACIÓN NA RUA CON MÉDICOS DEL MUNDO
2410.4800007	50.000,00	50.000,00	47.683,12	CONVENIO EMPREGO COA REDE DE MULLERES ONTRA OS MAL
3410.4890010	47.000,00	47.000,00	47.000,00	SUBVEN. EQUIPO ELITE VIGO VOLEIBOL
2310.4890012	45.000,00	45.000,00	45.000,00	CONVENIO VIDA DIGNA
3112.4890000	45.000,00	45.000,00	45.000,00	CONVENIO CON ERGUETE ALOXAMENTO ALTERNATIVO
2310.4890005	54.750,00	54.750,00	38.391,00	FUNDACIÓN CASA DE LA CARIDAD DE VIGO-HOGAR S. JOSÉ
2410.4800002	37.000,00	37.000,00	37.000,00	CONVENIO CIG FOMENTO EMPREGO
3340.4800001	37.000,00	37.000,00	37.000,00	INSTITUTO ESTUDIOS VIGUESES, PROGRAMA ACTIVIDADES
2410.4800001	37.000,00	37.000,00	36.053,31	CONVENIO UGT FOMENTO DO EMPREGO
2410.4800003	37.000,00	37.000,00	35.389,54	CONVENIO CC.OO FOMENTO DO EMPREGO
2311.4890004	30.300,00	30.300,00	30.300,00	CONVENIO ASOC. REDE MULLERES CONTRA MALOS .TRATOS
2310.4890011	70.000,00	70.000,00	30.000,00	CONVENIO SAHARAUIS
3410.4800005	30.000,00	30.000,00	30.000,00	SUBV. ORGANIZACIÓN RALLYE RÍAS BAIXAS, Escud.R.Ba
3370.4890002	28.000,00	28.000,00	27.995,42	DINAM. INFANTIL/XUVENIL AV LAVADORES
3340.4800003	27.500,00	27.500,00	27.500,00	FUNDA.CORAL CASA BLANCA, PROGRAMA DE CONCERTOS
3410.4890008	25.000,00	25.000,00	25.000,00	SUBV.EQUI. ELITE BM FEMENINO LAVADORES
3370.4890003	24.500,00	24.500,00	24.500,00	SUBVENCIÓN LUDOTECA APAMP
3410.4890019	23.000,00	23.000,00	23.000,00	SUBV. EQUIPO ÉLITE SARDOMA FUTBOL FEMENINO
3370.4890004	24.500,00	24.500,00	22.736,76	DINAM. INFANTIL/XUVENIL AV CORUXO
3340.4800004	21.000,00	21.000,00	21.000,00	ORQUESTA CLÁSICA DE VIGO, PROGRMA DE CONCERTOS
2310.4800007	20.000,00	20.000,00	20.000,00	ASOCIACIÓN DE AMIGOS DOS MAIORES DE VIGO
2310.4890002	20.000,00	20.000,00	20.000,00	ASOCIACIÓN DE PERSOAS SORDAS DE VIGO
3410.4800003	20.000,00	20.000,00	20.000,00	SUBV. EQUIPO ÉLITE SD CARBALLAL
3410.4890003	20.000,00	20.000,00	20.000,00	SUBV.EQUIPO ELITE CELTA FEMENINO DE ATLETISMO
3410.4890004	20.000,00	20.000,00	20.000,00	SUBVEN.EQUIPO ELITE CELTA MASCULINO DE ATLETISMO
3410.4890016	20.000,00	20.000,00	20.000,00	SUBV.EQUI. ELITE BEMBRIVE FS
2310.4890010	18.000,00	18.000,00	18.000,00	ASOCIAC. FAMILIARES D ENFERMOS ALZHEIMER, AFAGA
3410.4890012	18.000,00	18.000,00	18.000,00	SUBV.EQUI. ELITE TRASNOS BEISBOL
9240.4890009	17.000,00	17.000,00	17.000,00	CONVENIO ASOCIACIÓN MONTE DA MINA
2310.4890014	26.200,00	26.200,00	16.250,00	CONVENIO MISIONEROS DEL SILENCIO
2310.4800017	16.000,00	16.000,00	16.000,00	FUNDACIÓN SECRETARIADO XITANO
			2.940.120,02	

DITAME. A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión ordinaria de data 20 de abril de 2022, queda informada.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta.

ACORDO.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/07/2022 09:05	Páxina 28 de 93
3423-1101	CSV: A1ACBE-ACA9BB-5FB3CH-3CHT3G-ZLXJDS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

O Pleno da Corporación queda enterado do Plan Anual de Auditorías e Control Financeiro do Concello de Vigo correspondente ao exercicio 2022.

**4.(75) DAR CONTA DO INFORME TRIMESTRAL DE TESOURERÍA SOBRE O CUMPRIMENTO DOS PRAZOS DE PAGO DAS OBRIGAS PREVISTAS NAS LEIS, CORRESPONDENTE AO 1º TRIMESTRE DO ANO 2022 E PMP DOS 3 MESES DO ANO 2022. EXPTE. 23/543 (EXPTE. PLENO 3381/1101).**

ANTECEDENTES.- Con data 8 de abril de 2022, o tesoureiro municipal emite o seguinte informe,

“LEXISLACIÓN APLICABLE.-

Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público.

Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiamento, previstos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, coa modificación incorporada polo Real Decreto 1040/2017, de 22 de decembro.

Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional.

Orde Ministerial HAP/2105/2012, na súa redacción dada pola Orde HAP/2082/2014.

Guía para a elaboración dos informes trimestrais de morosidade 2015 do MINH.

Guía trimestral e mensual que se incorpora na plataforma do Ministerio.

INFORME.-

I Ámbito subxectivo

O artigo 2.b) da Lei 3/2004, establece que aos efectos regulados nesta Lei, considérase como: (...) b) Administración, aos entes, organismos e entidades que forman parte do sector público, de acordo co artigo 3 da Lei 9/2017, de 9 de novembro, de Contratos do Sector Público.

II.- Ámbito obxectivo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/07/2022 09:05	Páxina 29 de 93
3423-1101	CSV: A1ACBE-ACA9BB-5FB3CH-3CHT3G-ZLXJDS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

O apartado 3º do artigo 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, dispón que os Tesoureiros das Corporacións locais elaborarán trimestralmente un informe ao Pleno da Corporación sobre o cumprimento dos prazos previstos na citada Lei para o pago das obrigas de cada Entidade local, que incluírá necesariamente o número e contía global das obrigas pendentes nas que se estea incumprindo o prazo.

O ámbito obxectivo do informe trimestral son as operacións comerciais, correspondéndose no Concello de Vigo, con carácter xeral, cos gastos en bens correntes e servizos e cos investimentos (capítulos II e VI do Orzamento de Gastos, quedando incluídas tamén aqueles pagos que se fan con cargo ao capítulo IV como forma de pago dos bonos polo uso do transporte urbano público colectivo). Quedan fora do ámbito da Lei as operacións que no estean baseadas nunha relación comercial, as que teñen causa nunha relación estatutaria e de persoal ou as que son consecuencia da potestade expropiadora ou da acción de fomento.

Quedan excluídas as obrigas de pago contraídas entre entidades que teñan a consideración de Administracións Públicas no ámbito da contabilidade nacional e as obrigas pagas con cargo ao Fondo para o Financiamento dos Pagos a Provedores. Así mesmo, quedan excluídas as propostas de pago que fosen obxecto de retención como consecuencia de embargos, mandamentos de execución, procedementos administrativos de compensación ou actos análogos ditados por órganos xudiciais ou administrativos.

Así mesmo, o Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional, no seu artigo 5, regula como funcións propias da Tesourería Local:

(...)

- c) La elaboración de los informes que determine la normativa sobre morosidad relativa al cumplimiento de los plazos previstos legalmente para el pago de las obligaciones de cada Entidad Local.
- e) La elaboración y acreditación del período medio de pago a proveedores de la Entidad Local, otros datos estadísticos e indicadores de gestión que, en cumplimiento de la legislación sobre transparencia y de los objetivos de estabilidad presupuestaria, sostenibilidad financiera, gasto público y morosidad, deban ser suministrados a otras administraciones o publicados en la web u otros medios de comunicación de la Entidad, siempre que se refieran a funciones propias de la tesorería.

III.- Período legal de pago e data de inicio do cómputo do PMP axustándose ao sistema de cálculo previsto no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, coa modificación incorporada Real Decreto 1040/2017), tomando como data de aprobación da conformidade, a conformidade técnica.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/07/2022 09:05	Páxina 30 de 93
3423-1101	CSV: A1ACBE-ACA9BB-5FB3CH-3CHT3G-ZLXJDS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

A Lei 11/2013, de 26 de xullo, de Medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego, modifica no seu artigo 33, entre outros, o artigo 4 da Lei 3/2004, xa citada, establecendo:

*“1. El plazo de pago que debe cumplir el deudor, si no hubiera fijado fecha o plazo de pago en el contrato, será de treinta días naturales después de la fecha de recepción de las mercancías o prestación de los servicios, incluso cuando hubiera recibido la factura o solicitud de pago equivalente con anterioridad.*

(.....)

*2. Si legalmente o en el contrato se ha dispuesto un procedimiento de aceptación o de comprobación mediante el cual deba verificarse la conformidad de los bienes o los servicios con lo dispuesto en el contrato, su duración no podrá exceder de treinta días naturales a contar desde la fecha de recepción de los bienes o de la prestación de los servicios. En este caso, el plazo de pago será de treinta días después de la fecha en que tiene lugar la aceptación o verificación de los bienes o servicios, incluso aunque la factura o solicitud de pago se hubiera recibido con anterioridad a la aceptación o verificación.*

*3. Los plazos de pago indicados en los apartados anteriores podrán ser ampliados mediante pacto de las partes sin que, en ningún caso, se pueda acordar un plazo superior a 60 días naturales. (...)”*

Do mesmo modo, o artigo 198.4 da Lei 9/2017, de 9 de novembro de Contratos do Sector Público, establece que:

*“La Administración tendrá la obligación de abonar el precio dentro de los treinta días siguientes a la fecha de aprobación de las certificaciones de obra o de los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados, sin perjuicio de lo establecido en el artículo 210.4, y si se demorase, deberá abonar al contratista, a partir del cumplimiento de dicho plazo de treinta días los intereses de demora y la indemnización por los costes de cobro en los términos previstos en la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales. Para que haya lugar al inicio del cómputo de plazo para el devengo de intereses, el contratista deberá haber cumplido la obligación de presentar la factura ante el registro administrativo correspondiente en los términos establecidos en la normativa vigente sobre factura electrónica, en tiempo y forma, en el plazo de treinta días desde la fecha de entrega efectiva de las mercancías prestación del servicio.*

*Sin perjuicio de lo establecido en el apartado 4 del artículo 210 y en el apartado 1 del artículo 243, la Administración deberá aprobar las certificaciones de obra o los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados dentro de los treinta días siguientes a la entrega efectiva de los bienes o prestación del servicio”.*

Pola súa parte, a Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público, modifica no seu artigo primeiro a Lei Orgánica 2/2012, de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/07/2022 09:05	Páxina 31 de 93
3423-1101	CSV: A1ACBE-ACA9BB-5FB3CH-3CHT3G-ZLXJDS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira, incluíndo no seu apartado catorce a disposición adicional quinta co seguinte literal:

*“Disposición adicional quinta. Plazo de pago a provedores.*

*Las referencias en esta ley al plazo máximo que fija la normativa sobre morosidad para el pago a proveedores se entenderán hechas al plazo que en cada momento establezca la mencionada normativa vigente y que, en el momento de entrada en vigor de esta Ley, es de treinta días.”*

A Administración, polo tanto, dispón dun prazo máximo de trinta días contados dende o seguinte á entrega dos bens ou prestación dos servizos para aprobar as certificacións ou documentos que acrediten a conformidade, e dispón doutros trinta días a partir desta data de aprobación para proceder ao pagamento do prezo sen incorrer en atraso.

O inicio do cómputo do período medio de pagamento, tanto das operacións pagadas como as pendentes de pago, polo que se refire aos Informes de Morosidade compútase, dende o rexistro da factura na plataforma FACe-Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado ou se fose o caso de acredores non suxeitos a obriga de presentar a mesma na Plataforma Face por non estar no ámbito que regula o artigo 4 da Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público, no Rexistro Xeral do Concello de Vigo. En todos os supostos, o rexistro da factura supón a anotación automática no rexistro contable de facturas, empezando o período de cómputo.

Así, o inicio do cómputo do período medio de pago ou «dies a quo», tanto das operacións pagas como das pendentes, polo que se refire aos Informes de Morosidade compútanse «desde a entrada da factura ou documento xustificativo no rexistro administrativo que corresponda», ata o seu pago ou ata o último día do período.

En canto ao cómputo dos días de pago ou pendentes de pago aos efectos do Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, coa modificación incorporada polo Real Decreto 1040/2017, compútase desde a aprobación da conformidade. Na interpretación da aprobación da conformidade, hai que considerar a conformidade técnica ata o pago ou ata o último día do período de cálculo. Non se pode interpretar outra data do dies a quo, xa que a propia guía do Ministerio, aclara que si non é necesaria a conformidade, a data de cómputo é dende a recepción da factura no rexistro administrativo. En consecuencia, non se pode interpretar como data de aprobación da conformidade a de aprobación da factura polo órgano competente, xa que de ser esta, quedarían fora do cálculo do PMP, todas as facturas que se atopasen rexistradas e conformadas pendentes de aprobación. Polo tanto, conformaría o Período Medio Pendente de Pago, as facturas aprobadas pendentes de pago ao final do período. Ademais do anterior, para aquelas facturas pagadas no período, a Administración pública podería manipular o PMP, aprobando as facturas cando fose a facer efectivo o pagamento, é dicir, acomodaría a aprobación das mesmas as dispoñibilidades da tesourería.

Sobre a interpretación que se está a facer do cómputo de días e o dies a quo, elevouse consulta informal ao Ministerio de Facenda, cuxa contestación ratifica o criterio aquí amosado.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/07/2022 09:05	Páxina 32 de 93
3423-1101	CSV: A1ACBE-ACA9BB-5FB3CH-3CHT3G-ZLXJDS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



Salvo casos particulares como a Certificación Final de Obra (3 meses para aprobar e 30 días desde esta para pagar) e en caso de liquidación de Contrato (60 días para pagar desde a aprobación da liquidación de contrato), a Administración ten que facer fronte ao pagamento dentro dos 30 días seguintes á aprobación da factura, ademais, deberá aprobar a mesma dentro dos 30 días seguintes a da súa presentación.

#### IV.- Estrutura e datos a incluír nos Informes de Morosidade.

O Ministerio de Facenda e Administracións Públicas publicou no ano 2015 unha Guía para a elaboración dos informes trimestrais de morosidade, cuxo contido íntegro pode consultarse na páxina web do citado Ministerio:

Ministerio([www.minhafp.gob.es/Documentación/Publico/DGCFEL/InstruccionesAplicaciones/ManualUsuarioMorosidadv20.pdf](http://www.minhafp.gob.es/Documentación/Publico/DGCFEL/InstruccionesAplicaciones/ManualUsuarioMorosidadv20.pdf)), que dispón que os informes haberán de elaborarse considerando a totalidade dos pagamentos realizados en cada trimestre natural, e a totalidade das facturas ou documentos xustificativos pendentes de pagamento ao final do mesmo, independentemente da data de rexistro da factura ou certificación de obra.

O artigo 16.6, da Orde Ministerial HAP/2105/2012, na súa redacción dada pola Orde HAP/2082/2014, establece que:

*"O informe trimestral, regulado no artigo 4 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, na que se incluírá, polo menos, de acordo coa metodoloxía establecida para o cálculo o período medio de pagamento a provedores das Administracións Públicas, o detalle do período medio de pagamento global a provedores e do período medio de pagamento mensual e acumulado a provedores, así como das operacións pagadas e pendentes de pagamento de cada entidade e do conxunto da Corporación Local. "*

A base de datos que se ten en consideración para a análise que conforma o informe, e a mesma que a utilizada mensualmente para dar cumprimento ao previsto no Real Decreto 635/2014 e Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro para dar a información requirida polo MINHAC en cumprimento da Lei de morosidade, é dicir, o Rexistro Contable de facturas, cuxo funcionamento de anotación de facturas é en tempo real, no mesmo momento no que se fai a anotación no rexistro da plataforma FACe ou no Rexistro Xeral do Concello, polo tanto, o sistema de información está totalmente integrado é garantista do estado no que se atopa calquera factura.

Deste modo, o informe trimestral considerará a seguinte información:

- Pagamentos realizados no trimestre.
- Intereses de demora pagados no trimestre.
- Facturas ou documentos xustificativos pendentes de Pagamento ao final do trimestre.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/07/2022 09:05	Páxina 33 de 93
3423-1101	CSV: A1ACBE-ACA9BB-5FB3CH-3CHT3G-ZLXJDS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

- Detalle do período medio de pagamento global a provedores e do período medio de pagamento mensual e acumulado a provedores.
- Tamén se vai a engadir, a contía dos pagamentos feitos tendo en conta o previsto no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, modificado polo Real Decreto 1040/2017, informando sobre os pagos, e o pendente de pago e o PMP.

V.- Datos correspondentes ao 1º trimestre do ano 2022.

En consecuencia, en cumprimento do disposto no apartado 3º do artigo 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, remítese ao Pleno da Corporación o informe sobre o cumprimento dos prazos previstos para o pago das obrigas correspondentes ao 1 trimestre do exercicio 2022 que se achega xunto co presente escrito; declarando que os datos nel contidos correspóndense cos pagos realizados no trimestre e coas obrigas pendentes de pago ao final de dito trimestre polo Concello de Vigo, o seu Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo e as Fundacións que forman parte do perímetro de consolidación (MARCO, CONVENTION BUREAU ), segundo os datos contidos na base de datos de contabilidade do Concello de Vigo e do seu Organismo Autónomo (Rexistro contable de facturas) e a información remitida das Fundacións Marco e Convention Bureau.

Achégase a información que se envía ao Ministerio de Facenda, que se incorpora a páxina web do Concello de Vigo, información económica e o portal de transparencia.

Situación	Entidade Local	X. M. Urbanismo	F. MARCO	C. BUREAU
<b>Pagos feitos no trimestre</b>				
<i>Dentro do período legal de pagos</i>				
Nº de pagos	1,370	104	52	14
Importe dos pagos	29,577,049.32	335,443.71	60,972.15	8,710.64
<i>Fora do período legal de pagos</i>				
Nº de pagos	2	0	57	0
Importe	20,099.29	.00	84,568.57	.00
<b>PMP (período medio de pago do trimestre)</b>	<b>11,70 días</b>	<b>31,57 días</b>	<b>29,21 días</b>	<b>8,75 días</b>
<b>Intereses de demora pagados no trimestre</b>				
Nº de pagos	.00	.00	.00	.00
Importe	.00	.00	.00	.00
<b>Pagos pendentes ao remate do trimestre</b>				
<i>Dentro do período legal de pagos</i>				
Nº de pagos	204	5	19	0
Importe dos pagos	4,668,157.70	24,044.95	37,600.79	.00
<i>Fora do período legal de pagos</i>				



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/07/2022 09:05	Páxina 34 de 93
3423-1101	CSV: A1ACBE-ACA9BB-5FB3CH-3CHT3G-ZLXJDS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Nº de pagos	23	0	18	0
Importe	157,867.66	.00	13,710.19	.00
<b>PMPP (Período medio pendente de pago do trimestre)</b>	<b>13,93 días</b>	<b>4,09 días</b>	<b>23,96 días</b>	<b>0,00 días</b>

O "Período *medio de pago*" dos efectuados no trimestre, é o indicador do número de días medio que se tardou en realizar os pagamentos, contados dende a data de recepción (Rexistro FACe ou Rexistro Xeral do Concello) da factura.

O "Período medio do pendente de pagamento" ao final do trimestre, é o indicador do número de días de antigüidade das operacións pendentes de pagamento a final do trimestre.

#### Resumo por trimestres de morosidade, en días

Trimestre	Entidade		Entidade		Entidade		Entidade	
	Concello		XMU		F. MARCO		F. C.BUREAU	
	Días		Días		Días		Días	
	PMP	PMPP	PMP	PMPP	PMP	PMPP	PMP	PMPP
Primeiro	11.70	13.93	31.57	4.09	29.21	23.96	8.75	0.00
Segundo								
Terceiro								
Cuarto								

#### En contías e nº de pagos

Trimestre	Entidade		Entidade		Entidade		Entidade	
	Concello		XMU		F. MARCO		F. C.BUREAU	
	Importe		Importe		Importe		Importe	
	pagado	pt. pago	pagado	pt. pago	pagado	pt. pago	pagado	pt. pago
Primeiro	29,597,148.6 1	4,826,025.3 6	335,443.7 1	24,044.95	145,540.7 2	51,310.98	8,710.64	.00
Nº pagos	1,372	227	104	5	109	37	14	0

Tendo en conta que a administración dispón dun prazo máximo de trinta días contados dende o seguinte á entrega dos bens ou prestación dos servizos para aprobar as certificacións ou documentos que acrediten a conformidade, e dispón doutros trinta



días a partir desa data de aprobación para proceder ao pagamento do prezo sen incorrer en atraso, se se esgotasen os prazos previstos para a aprobación e para o pago, se disporían de 60 días.

No trimestre dáse cumprimento ao prazo legal de pago.

Achégase igualmente os datos dos días de pago tanto en períodos mensuais como en contías en relación co Real Decreto 635/2014.

Días de pago para o grupo de consolidación conformado pola Entidade Local Concello de Vigo, Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo, Fundación MARCO, Fundación e Fundación CONVENTION BUREAU.

Por días de pago para o grupo de consolidación, conformado polo ratio de pago e o pendente de pago.

#### RD 635/2014

PMP , Real Decreto 635/2014 modificado polo RD 1040/2017, correspondente ao ano 2022												
Institución	Xaneiro	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño	Xullo	Agosto	setembro	outubro	Novembro	Decembro
Ent. Local	10.31	9.56	8.52									
MARCO	39.18	47.63	25.88									
XMU	26.13	7.91	7.51									
V. C.BUR.	3.86	9.86	9.39									
<b>PMP Global</b>	<b>10.91</b>	<b>9.93</b>	<b>8.63</b>									

Por contías pagadas e pendentes de pago ao remate do período, ano 2022

Mes	INSTITUCIÓN							
	Concello		XMU		F. MARCO		F. C.BUREAU	
	Importe		Importe		Importe		Importe	
	Pagado	Pte.pago	Pagado	Pte.pago	Pagado	Pte.pago	Pagado	Pte.pago
Xaneiro	9,053,889.28	2,265,765.36	209,717.52	39,634.50	3,468.15	102,777.76	131.60	0.00
Febreiro	8,690,300.50	3,955,072.48	37,647.83	34,919.72	84,519.37	41,798.75	1,073.35	0.00
Marzo	11,713,088.76	4,082,693.37	88,078.36	24,044.95	57,553.30	53,310.98	7,505.69	0.00
Abril								
Maio								
Xuño								
Xullo								
Agosto								
Setembro								
Outubro								
Novembro								
Decembro								



Copia do documento - Concello de Vigo  
3423-1101

Data impresión: 22/07/2022 09:05

Páxina 36 de 93

CSV: A1ACBE-ACA9BB-5FB3CH-3CHT3G-ZLXJDS-F1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

TOTAL	29,457,278.54		335,443.71		145,540.82		8,710.64
-------	---------------	--	------------	--	------------	--	----------

As diferencias entre os pagos tomados en conta pola Lei 3/2004 e o RD 635/2014 coa modificación incorporada polo RD 1040/2017, está nas retencións e pagos parciais, nun caso son tomadas como pagos e noutro non, aínda que, como se pode comprobar a diferenza é de escasa importancia.

En relación co PMP, o RD 1040/2017, incorporou non só variacións no dies a quo, senón na forma de cálculo. O RD 1040/2017, computa desde a data de conformidade da factura até o pago ou até o último día do período de análise.

O que poño en coñecemento da Concellaría delegada de Orzamentos e Facenda do Concello de Vigo, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.”

DITAME. A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión ordinaria de data 20.04.2022, queda informada.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta.

ACORDO.

O Pleno da Corporación queda enterado do informe trimestral de Tesourería sobre o cumprimento dos prazos de pago das obrigas previstas nas leis, correspondente ao 1º trimestre do ano 2022 e PMP dos 3 meses do ano 2022.

**5.(76) DAR CONTA DO ESTADO DE EXECUCIÓN DO ESTADO DE GASTOS E INGRESOS DO ORZAMENTO, CORRESPONDENTE AO 1º TRIMESTRE DO 2022, ASÍ COMO DO MOVEMENTO DE TESOURERÍA POR OPERACIÓNS ORZAMENTARIAS E NON ORZAMENTARIAS. EXPTE. 220/143 (EXPTE. PLENO 3382/1101).**

ANTECEDENTES.- Con data 11 de abril de 2022, a Dirección Superior Contable e Orzamentación e concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda emiten o seguinte informe,

“Normativa

- Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004.
- Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de Contabilidade Local.
- Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.
- Bases de Execución Orzamentaria para o ano 2022.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/07/2022 09:05	Páxina 37 de 93
3423-1101	CSV: A1ACBE-ACA9BB-5FB3CH-3CHT3G-ZLXJDS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

En cumprimento do previsto no artigo 207 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, Regra 52 da Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de Contabilidade Local, a Base 3ª das de Execución Orzamentaria para o ano 2022, normativa que regula a periodicidade de remisión de información ao Pleno sobre a execución orzamentaria, establece que “Trimestralmente, e artigo 4.2 do RD 128/2018, a Intervención Xeral Municipal ou o Órgano que teña atribuída a función de Contabilidade, remitiralle ao Pleno da Corporación, por conduto da Alcaldía-Presidencia, información da execución dos orzamentos dos estados de gastos e ingresos e do movemento da Tesourería por operacións orzamentarias e non orzamentarias e da súa situación”.

A información que se remite corresponde ao PRIMEIRO trimestre do ano, recollendo nos citados estados a información relativa ao rexistro dos feitos contables até o 31 de MARZO de 2022.

#### Estados consolidados

A información orzamentaria a conforma un resumo por capítulos da liquidación dos estados do orzamento de gastos e ingresos, tanto a nivel económico como por fases contables, así como o gráfico representativo da situación á data referenciada.

Xúntase o desenvolvemento da liquidación ao máximo nivel de desagregación, tanto para o estado de gastos como de ingresos.

Tamén forma parte da liquidación ao 31/03/2022, a recadación e pagamentos de corrente e de pechados.

Achégase as anulacións e cancelacións de dereitos de corrente e pechados, así como as devolucións de ingresos.

En canto aos estados que reflicten os movementos de tesourería por operacións orzamentarias e non orzamentarias e a súa situación, remítense o estado de tesourería recollendo o saldo inicial, cobros, pagamentos e saldo final.

Achégase o estado de Remanente de tesourería consolidado.

Remítense igualmente os estados non orzamentarios de tesourería tanto de debedores, acredores e partidas pendentes de aplicación, na que se reflicte a situación inicial, cobros e pagamentos así como a situación final dos estados consolidados

Incorpórase o estado de Tesourería consolidado.

As modificacións orzamentarias dos estados consolidados.

Resultado orzamentario consolidado.

Outra información:

En relación co estado de situación da débeda financeira bancaria, non se remite información por non existir a esta data operación algunha pendente de amortizar.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/07/2022 09:05	Páxina 38 de 93
3423-1101	CSV: A1ACBE-ACA9BB-5FB3CH-3CHT3G-ZLXJDS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

A información enviada é comprensiva de todo o desenvolvemento orzamentario tanto de corrente como de pechados.

A mesma será incorporada ao portal de transparencia.”

DITAME. A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión ordinaria de data 20.04.2022, queda informada.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta.

ACORDO.

O Pleno da Corporación queda enterado do Estado de Execución do estado de gastos e ingresos do orzamento, correspondente ao 1º trimestre do 2022, así como do movemento de Tesourería por operacións orzamentarias e non orzamentarias.

*Incidencia. Auséntanse do Salón de Plenos o Alcalde-Presidente, pasando a presidir o 2º tenente de alcade, Sr. Pardo Espiñeira, e a concelleira primeira tenente de alcalde, Sra. Silva Rego.*

## **6.(77) PROPOSTA DE APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA REGULADORA DOS VEHÍCULOS DE MOBILIDADE PERSOAL NO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 118921/210 (EXPTE. PLENO 3383/1101).**

ANTECEDENTES.- Con data 12 de abril de 2022, a xefa de Seguridade emite o seguinte informe proposta,

### “I. Lexislación aplicable

- Constitución Española (CE).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).
- Real Decreto Lexislativo 6/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a motor e seguridade vial (RDL 6/2015).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/07/2022 09:05	Páxina 39 de 93
3423-1101	CSV: A1ACBE-ACA9BB-5FB3CH-3CHT3G-ZLXJDS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

- Real Decreto 2822/1998, de 23 de decembro, polo o que se aproba o Regulamento xeral de vehículos (RD 2822/1998).
- Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo o que se aproba o Regulamento xeral de circulación (R.D 1428/2003).
- Real Decreto 970/2020, de 10 de novembro, polo que se modifica o Regulamento Xeral de Circulación, aprobado por R.D. 1428/2003, de 21 de novembro e o Regulamento Xeral de Vehículos, aprobado por R.D. 2822/1998, de 23 de decembro, en materia de medidas urbanas de tráfico (R.D 970/2020).
- Instrución 16/V-124 da Dirección Xeral de Tráfico sobre vehículos de mobilidade persoal.
- Resolución da Dirección Xeral de Tráfico de 12 de xaneiro de 2022, pola que se aproba o Manual de características dos vehículos de mobilidade persoal (MCT).

## II. Antecedentes

No expediente consta:

- Orde de incoación de 22/03/2021 asinada polo órgano competente sendo este a Concelleira Delegada de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal.
- Informe de 22/03/2021 emitido polo Xefe de Área de Mobilidade e o Enxeñeiro Técnico xustificativo sobre a oportunidade e conveniencia da redacción e aprobación dunha Ordenanza que regule as condicións de circulación dos VMP no termo municipal de Vigo.
- Acordo da Xunta de Goberno Local, aprobado na sesión ordinaria de 25/03/2021, acordando en aplicación do principio de transparencia a apertura do trámite de consulta pública previsto no artigo 133 da LPACAP para a redacción, tramitación e aprobación dunha Ordenanza Municipal reguladora das condicións de circulación dos vehículos de mobilidade persoal no Concello de Vigo, a través de <https://consulta.vigo.org/>, durante un prazo de 20 días hábiles, para que a cidadanía, organizacións e asociacións que así o consideraran puideran achegar as súas opinións acerca dos aspectos que figuran recollidos no Anexo 1 do acordo.
- Trámite de consulta pública previa durante o prazo de vinte días (do 13/04/2021 ao 10/05/2021).
- Durante devandito prazo presentaron suxestións:
  - “SERVICIOS Y GESTIÓN DE MOVILIDADE DE VIGO, S.L” (Doc 210057437)
  - MEGA (Doc. 210057437)
  - Don Miguel Valverde Juncal (Docs. 210079142 e 210080604)
  - Dona Noemi Moya Villa (VOI TECHNOLOGY) (Doc. 210081082)
- Informe proposta asinado polo Enxeñeiro Técnico e polo Xefe da Área de Mobilidade, conformado pola Concelleira Delegada de Mobilidade.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/07/2022 09:05	Páxina 40 de 93
3423-1101	CSV: A1ACBE-ACA9BB-5FB3CH-3CHT3G-ZLXJDS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



- Informe favorable do Secretario Xeral do Pleno do Concello de Vigo de data 16/12/2021.
- Informe favorable da Interventora Xeral Adxunta de 27/12/2021.
- Acordo da Xunta de Goberno Local, aprobado na sesión extraordinaria e urxente de 30/12/2021, acordando a aprobación do Proxecto de Ordenanza de VMP.
- Presentación de emenda parcial en data 12/01/2022 por Don Xabier Pérez Igrexas, Concelleiro do BNG.
- Informe do Enxeñeiro Técnico e Xefe da Área de Mobilidade de data 13/01/2022 sobre devandita emenda.
- Ditame da Comisión Informativa de Organización Municipal, Seguridade, Dinamización, Administración e I+D emitido na sesión ordinaria celebrada o 19/01/2022.
- Acordo plenario adoptado na sesión ordinaria de 26/01/2022, aprobando inicialmente a Ordenanza e abrindo un período de información pública polo prazo de 30 días para a presentación de reclamacións e suxestións.
- Advertido erro no edicto publicado no BOP de Pontevedra de 14/02/2022, relativo á aprobación inicial polo Pleno Municipal da Ordenanza de VMP, se deixa sen efecto dita publicación e realízase nova publicación do acordo de aprobación inicial no BOP de Pontevedra nº 37, de 23/02/2022. Asemade, publicouse no Portal de Transparencia do Concello de Vigo (<https://transparencia.vigo.org/>).
- Certificación de 11/04/2022 expedida pola Secretaria de Administración Local e a Concelleira de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal conforme durante o período de información pública presentouse una única alegación por Don Miguel Valverde Juncal, actuando como Secretario da ASOCIACIÓN DE USUARIOS DE VEHÍCULOS DE MOBILIDADE PERSOAL DE VIGO (Doc. 2200417929).

### III. Fundamento legal da Ordenanza

O apartado b do art. 7 do RDL 6/2015 indica que corresponde aos municipios:

*“La regulación mediante ordenanza municipal de circulación, de los usos de las vías urbanas, haciendo compatible la equitativa distribución de los aparcamientos entre todos los usuarios con la necesaria fluidez del tráfico rodado y con el uso peatonal de las calles, así como el establecimiento de medidas de estacionamiento limitado, con el fin de garantizar la rotación de los aparcamientos, prestando especial atención a las necesidades de las personas con discapacidad que tienen reducida su movilidad y que utilizan vehículos, todo ello con el fin de favorecer su integración social”.*

IV. Análise da única alegación presentada durante o período de información pública en data 04/02/2002 por Don Miguel Valverde Juncal, actuando como Secretario da



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/07/2022 09:05	Páxina 41 de 93
3423-1101	CSV: A1ACBE-ACA9BB-5FB3CH-3CHT3G-ZLXJDS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

ASOCIACIÓN DE USUARIOS DE VEHÍCULOS DE MOBILIDADE PERSOAL DE VIGO  
(Doc. 2200417929).

IV.1. A alegación presentada por Don Miguel Valverde Juncal, actuando como Secretario da ASOCIACIÓN DE USUARIOS DE VEHÍCULOS DE MOBILIDADE PERSOAL DE VIGO desglósase en 8 pretensións:

IV.1.1ª: Solicítase a supresión do apartado 6 do art. 2 da Ordenanza que refire: "Os VMP que non conten con guiador non poderán compartir espazo cos vehículos a motor".

Considera a asociación alegante que este aspecto da Ordenanza limita o uso de certo tipo de VMP de xeito arbitrario sen razón científica nin estudos previos que a xustifican.

Cómpre sinalar que a Ordenanza Municipal reguladora de VMP constitúe unha expresión da potestade regulamentaria das entidades que integran a Administración Local (art 4 da Lei 7/1985), consecuencia dita potestade do principio de autonomía local do que gozan as mesmas, principio recoñecido nos arts. 137 e 140 a 142 da CE.

Deste xeito, o texto normativo que se pretende aprobar definitivamente pode establecer limitacións á circulación a VMP que non conten con guiador, como por exemplo sería o monociclo eléctrico ou o hoverboard, fundamentándose esta limitación nun principio básico de seguridade vial posto que o incremento de VMP está a converter a aqueles que os utilizan nos novos usuarios vulnerables das vías por canto nos últimos tres anos teñense rexistrado 1.300 accidentes de VMP con vítimas, entre eles 13 falecidos.

Son moitas as Ordenanzas que establecen limitacións por cuestións de seguridade, así a de Madrid limita aos VMP tipo B a circulación por calzada dentro dunha Zona 30.

Polo exposto, propónse desestimar este aspecto da alegación e manter a redacción do apartado 6 do art. 2 da Ordenanza segundo tense aprobado inicialmente polo Pleno Municipal.

IV.1.2ª: Solicítase a supresión do apartado 1 do art. 3 da Ordenanza que refire: "Os vehículos de mobilidade persoal deberán dispor de certificado de circulación conforme ó disposto no art. 22 bis do Regulamento Xeral de vehículos aprobado polo Real Decreto 2822/98, de 23 de decembro, modificado polo Real Decreto 970/20, do 10 de novembro".

Manifestan os alegantes que non resulta de aplicación a obrigatoriedade do certificado de circulación posto que o Manual de Características Técnicas (MCT), establece unha moratoria de 2 anos para a esixencia deste certificado no caso dos vehículos comercializados a partir do día 22 de xaneiro de 2022 e 5 anos para os vendidos con anterioridade á publicación do BOE, non sendo obrigatoria a certificación ata o 22/01/2027.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/07/2022 09:05	Páxina 42 de 93
3423-1101	CSV: A1ACBE-ACA9BB-5FB3CH-3CHT3G-ZLXJDS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

É certo que a Sección 33 da Resolución de 12/01/2022 da DXT pola que se aproba o Manual de características dos vehículos de mobilidade persoal, publicada no BOE de 21/01/2022 e con entrada en vigor ao día seguinte desta publicación, establece un réxime de transitoriedade para a esixencia do proceso de certificación dos VMP.

Ven a dispoñer que todos os modelos que se comercialicen a partir de 24 meses da entrada en vigor do Manual (22/01/2024) deberán contar con dita certificación. Tamén dispón que os comercializados antes da entrada en vigor do Manual o durante o período transitorio establecido, poderán circular durante os cinco anos seguintes a dita entrada en vigor.

En conclusión, a partir do 22/01/2027 ningún VMP poderá circular sen dispoñer de certificado.

A obrigatoriedade legal de obter o certificado para a circulación ven establecida polo RXV 2822/1998 no art. 22 bis. incorporado ao RXV pola modificación operada polo Real Decreto 970/2020, de 10 de novembro.

O Certificado é un documento expedido por un terceiro competente designado polo organismo autónomo da Xefatura Central de Tráfico no que se acredita que o vehículo sometido a ensaio cumpre cos requisitos técnico de aplicación conforme á normativa técnica nacional e internacional (art 3.J do RXV).

Por tratarse dunha esixencia legal non pode suprimirse a obrigatoriedade do mesmo sen prexuízo de que se respecte o réxime de transitoriedade establecido como non pode ser de outro xeito.

Polo exposto, propónse desestimar este aspecto da alegación e manter a redacción do apartado 1 do art. 3 da Ordenanza segundo tense aprobado inicialmente polo Pleno Municipal.

#### IV.1.3ª: Solicítase a supresión do apartado 2 do art. 3 da Ordenanza que refire:

*“Por acordo da Xunta de Goberno Local poderase crear e levar un rexistro obrigatorio de todos os vehículos de mobilidade persoal.*

*O obxectivo deste rexistro será permitir a identificación de vehículos e titulares en caso de roubo, extravío ou accidentes. O rexistro terá carácter puramente administrativo. Será público para as persoas interesadas e terceiros que teñan interese lexítimo e directo.*

*En todo caso figurarán :*

- a) O Certificado de circulación.*
- b) O Seguro de responsabilidade civil fronte a terceiros.*
- c) O Usuario”*

Os alegantes consideran que existen dúbidas legais da competencia municipal para esixir o certificado de circulación. Este punto xa está informado no anterior apartado.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/07/2022 09:05	Páxina 43 de 93
3423-1101	CSV: A1ACBE-ACA9BB-5FB3CH-3CHT3G-ZLXJDS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Asemade manifestan que ao non existir obrigación de dispoñer de placa co número de serie identificativo resulta de difícil aplicación.

Non se comparte o manifestado polos alegantes xa que segundo o disposto na Disposición Adicional Única do R.D 970/2020, as Entidades Locais poden crear este rexistro e poderán comunicar ao rexistro de vehículos do organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico os vehículos de mobilidade persoal e bicicletas de pedais con pedaleo asistidos que estean rexistrados nos seus municipios de acordo co que determine o organismo autónomo Xefatura Central de Tráfico.

Polo exposto, propónse desestimar este aspecto da alegación e manter a redacción do apartado 2 do art. 3 da Ordenanza segundo tense aprobado inicialmente polo Pleno Municipal.

IV.1.4ª: Solicítase a modificación do art. 5 no senso de que non se esixa unha cantidade mínima para o seguro de responsabilidade civil.

O art. 5 dispón:

*“Os/as titulares dos VMP que desexen utilizalos polas vías urbanas deberá dispoñer dun seguro de responsabilidade civil que responda dos posibles danos ás persoas ou aos bens derivados do risco creado pola súa utilización polas vías e espazos públicos da competencia do Concello de Vigo.*

*Os importes da cobertura do seguro non poderán ser inferiores a 500.000 por sinistro, no caso dos danos ás persoas.”*

Os alegantes non se opoñen a existencia dun seguro obrigatorio de responsabilidade civil pero consideran que “(...)non se debe esixir una cantidade mínima(...)” por canto entenden que os danos provocados polos VMP son moito menores que os derivados dos accidentes de circulación dos vehículos a motor.

Dende o Concello considérase necesario dispoñer dunha póliza de seguro que cubra a responsabilidade civil (art 1.902 C. Civil) que sexa imputable ás persoas condutoras dun VMP, ben mediante póliza contratada ad hoc ou póliza de seguro de fogar que inclúa este sinistro, de tal xeito que cubra os danos persoais ou materiais ocasionados a outra persoa/s por acción ou omisión, culpa ou negligencia, como consecuencia da circulación de VMP.

Tráese a colación a Instrución da DXT 16/V-124 no seu apartado cuarto que faculta ás Entidade Locais para establecer a obrigatoriedade da contratación do seguro.

Polo exposto, propónse estimar este aspecto da alegación, eliminando o parágrafo segundo do art. 5, quedando a seguinte redacción do art. 5:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/07/2022 09:05	Páxina 44 de 93
3423-1101	CSV: A1ACBE-ACA9BB-5FB3CH-3CHT3G-ZLXJDS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

*“Os/as titulares dos VMP que desexen utilizalos polas vías urbanas deberán dispoñer dun seguro de responsabilidade civil que responda dos posibles danos ás persoas ou aos bens derivados do risco creado pola súa utilización polas vías e espazos públicos da competencia do Concello de Vigo.”*

IV.1.5ª: Solicítase a modificación da redacción do apartado 1º do art. 6 da Ordenanza propoñendo como texto definitivo o seguinte : “ Será obrigatorio o uso de casco homologado e de prenda ou elemento reflector”.

O texto do art.6.1, aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación, establecía que *“Será obrigatorio o uso do casco e de chaleco ou de roupa reflectora homologados”.*

A razón desta modificación radica na procura dunha maior visibilidade do condutor do VMP para o caso de portar por exemplo unha mochila na espalda. Deste xeito, lógrase un aumento na seguridade viaria.

Polo exposto, propónse estimar este aspecto da alegación, modificando a redacción do apartado 1º do art. 6, quedando a seguinte redacción:

*“Será obrigatorio o uso de casco homologado e de prenda ou elemento reflector”.*

IV.1.6ª: Solicítase a modificación do Anexo I da Ordenanza que regulamenta as calzadas excluídas da circulación de vehículos no sentido de permitir a circulación de VMP na rúa Gran Vía entre Venezuela e Praza de América, na Avda. de Castelao, na Avda. de Beiramar e na Avda. de Citröen.

I

Con data 08/04/2022 o Enxeñeiro Técnico de Mobilidade emitía informe técnico sobre a alegación presentada nos seguintes termos:

**“ANTECEDENTES:**

*En data 25 de febreiro de 2022 consta en expediente administrativo 118921/210 documento de 220041792 de alegacións presentadas a Ordenanza Municipal reguladora da utilización dos Vehículos de mobilidade persoal do Concello de Vigo por Miguel Valverde Juncal como secretario de la Asociación de Usuarios de Vehículos de Movilidad Personal de Vigo.*

**RESPOSTAS AS ALEGACIONES PRESENTADAS:**

*Estudadas as alegación formuladas relativas os aspecto técnicos das vías, informamos:*

*Referente ao artigo 7 que indica as vías excluídas da circulación dos VMP por razóns como intensidade de uso, composición do tráfico e o seu carácter*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/07/2022 09:05	Páxina 45 de 93
3423-1101	CSV: A1ACBE-ACA9BB-5FB3CH-3CHT3G-ZLXJDS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

vertebrador da mobilidade de vehículos a motor, e por dispoñer en todos os casos de alternativa viaria.

#### 1. VMP e bicicletas

Os VMP non se equiparan as bicicletas e nesta ordenanza non se están a regular.

#### 2. Intensidade de tráfico

As intensidades medias diarias (IMD) de tráfico na Avd. de Madrid nos carrís centrais, Avd. de Clara Campoamor ou Avd. do Arquitecto Palacios son incluso inferiores aos viais nos que solicítase autorizar a circulación de VMP, apórtanse datos de IMD:

- Avd. de Madrid : 14.592 v/d
- Clara Campoamor: 10.021 v/d
- Arquitecto Palacios: 19.366 v/d
- Gran Vía: 25.547 v/d
- Castelao : 16.499 v/d
- Avd. Citröen: 15.833 v/d
- Beiramar :21.145 v/d

En canto o tramo de Gran Vía entre Venezuela e Urzaiz conta cun IMD alto, pero a confluencia co paso do carril-bici facilita o acceso e saída do centro de da cidade dos VMP, sendo este percorrido limitado a 30km/h e co tráfico máis calmado. A Av Castealo conta co carri-bici en paralelo á calzada polo que a alternativa é clara.

A Av Citröen e Av Beiramar presenta unha circulación intensa de vehículo pesados ademais da IMDel elevadas

**CONCLUSIÓN:** Os datos aportados xustifican por razóns evidentes de seguridade que sigan excluídos da circulación de VMP os viais propostos”.

Dita pretensión non pode ser estimada polos motivos expostos no informe do Enxeñeiro Técnico de Mobilidade de data 08/04/2022 que se reproduce.

IV.1.7ª: Solicítase a modificación do art. 7.5 da Ordenanza que establece que “ Os anexos previstos nesta Ordenanza poderán ser modificado por necesidades técnicas de circulación por acordo da Xunta de Goberno Local” no sentido de incluír un período aberto de consulta pública previo á adopción do acordo.

Ditos Anexos ademais de conter definicións varias relativos a conceptos que se mencionan no texto da Ordenanza, regulamentan un listado de rúas polas que se prohíbe a circulación destes VMP por razóns de intensidade do tráfico na procura da seguridade dos condutores ademais de recoller outros espazos públicos prohibidos para esa circulación de acordo con establecido na normativa estatal como son as beirarrúas, zonas peonís ou túneles.

O acordo que no seu caso poda adoptar a Xunta de Goberno Local non precisa dun trámite preceptivo de información pública ao abeiro do previsto na lexislación administrativa local e estatal, outra cousa é que dende a Concellería de Mobilidade



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/07/2022 09:05	Páxina 46 de 93
3423-1101	CSV: A1ACBE-ACA9BB-5FB3CH-3CHT3G-ZLXJDS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

se escoite de modo informal ás asociacións afectadas como ven sendo frecuente considerando o talante democrático e conciliador da nosa Concelleira e do Goberno Municipal, sempre preocupados polo interese xeral e a problemática da cidadanía.

Polo exposto, propónse desestimar este aspecto da alegación e manter a redacción do apartado 5 do art. 7 da Ordenanza segundo tense aprobado inicialmente polo Pleno Municipal.

IV.8ª: Solicítase modificar o art. 12, apartados 2º e 3ºL, no sentido de modificar a tipificación da infracción establecida no art. 12.3.L pasando a considerala infracción de carácter grave a leve.

O art. 12.3º.L) tipifica como infracción grave: “ *Estacionar un VMP fora dos espazos destinados para eles entorpecendo o tránsito peonil ou doutros vehículos*”.

Dita tipificación é acorde ao disposto no art. 76.d) do RDL 6/2015 que establece como infracción grave “(...) *parar ou estacionar ... en calquera outro lugar perigoso ou no que se obstaculiza gravemente a circulación ou constitúa un risco, especialmente para os peóns*”. Deste xeito e tendo en conta a cláusula residual do art. 74.3 do RDL 6/2015 se non obstaculiza gravemente a circulación, considérase leve.

Asemade propoñen eliminar a infracción moi grave prevista no art. 12.4.d) consistente en “*circular cun aparello que non teña a consideración de VMP e que a súa vez estea fóra do ámbito de aplicación do Regulamento (UE) nº 168/2013*”.

Esta infracción non poder suprimirse por motivos de seguridade e legalidade.

Polo exposto, propónse desestimar este aspecto da alegación.

V.2. Modificación de oficio ao texto da Ordenanza aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación:

O art. 12.3º.L) da Ordenanza tipifica como infracción grave: “ *Estacionar un VMP fora dos espazos destinados para eles entorpecendo o tránsito peonil ou doutros vehículos*”.

Dita tipificación é acorde ao disposto no art. 76.d) do RDL 6/2015 que establece como infracción grave “(...) *parar ou estacionar ... en calquera outro lugar perigoso ou no que se obstaculiza gravemente a circulación ou constitúa un risco, especialmente para os peóns*”. Deste xeito e tendo en conta a cláusula residual do art. 74.3 do RDL 6/2015, se o estacionamento non obstaculiza gravemente a circulación considérase infracción leve.

Polo exposto, propónse modificar de oficio a redacción do art. 12.3.L no seguinte sentido: “*Estacionar un VMP fora dos espazos reservados para eles obstaculizando gravemente a circulación peonil ou doutros vehículos*”.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/07/2022 09:05	Páxina 47 de 93
3423-1101	CSV: A1ACBE-ACA9BB-5FB3CH-3CHT3G-ZLXJDS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

PROPOSTA DE ACORDO PARA O PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL:

Á vista dos feitos e fundamentos de dereito expostos, con base no informe-proposta emitido pola Xefa de Servizo de Seguridade en data 12 de abril de 2022, conformado polo Xefe da Área de Mobilidade e Seguridade e a Concelleira Delegada de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal, propónse ao Pleno da Corporación a adopción, previo ditame da Comisión Informativa correspondente, do seguinte.....”

De seguido a funcionaria informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo,

DITAME. A Comisión Informativa de Organización Municipal, Seguridade, Dinamización Administrativa e I+D, na súa sesión extraordinaria do 20.04.22, ditamina favorablemente a proposta.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta .

VOTACIÓN. Con vinte e tres votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, mais dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señor, Bartolomé Tocino, López Roman e Marnotes González, e mais dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, e a abstención do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, adóptase o seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO: Estimar parcialmente a alegación presentada por Don Miguel Valverde Juncal, actuando como Secretario da ASOCIACIÓN DE USUARIOS DE VEHÍCULOS DE MOBILIDADE PERSOAL DE VIGO (Doc. Nº 2200417929), eliminando o parágrafo segundo do art. 5, quedando a seguinte redacción do art. 5:

*“Os/as titulares dos VMP que desexen utilizalos polas vías urbanas deberán dispoñer dun seguro de responsabilidade civil que responda dos posibles danos ás*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/07/2022 09:05	Páxina 48 de 93
3423-1101	CSV: A1ACBE-ACA9BB-5FB3CH-3CHT3G-ZLXJDS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



*persoas ou aos bens derivados do risco creado pola súa utilización polas vías e espazos públicos da competencia do Concello de Vigo."*

SEGUNDO: Estimar parcialmente a alegación presentada por Don Miguel Valverde Juncal, actuando como Secretario da ASOCIACIÓN DE USUARIOS DE VEHÍCULOS DE MOBILIDADE PERSOAL DE VIGO (Doc. Nº 2200417929), modificando a redacción do apartado 1º do art. 6, quedando a seguinte redacción:

*"Será obrigatorio o uso de casco homologado e de prenda ou elemento reflector"*.

TERCEIRO: Desestimar a alegación presentada por Don Miguel Valverde Juncal, actuando como Secretario da ASOCIACIÓN DE USUARIOS DE VEHÍCULOS DE MOBILIDADE PERSOAL DE VIGO, nos restantes aspectos.

CUARTO: Modificar de oficio a redacción do art. 12.3.L no seguinte sentido:

*"Estacionar un VMP fora dos espazos reservados para eles obstaculizando gravemente a circulación peonil ou doutros vehículos"*.

QUINTO: Aprobar definitivamente a Ordenanza reguladora dos vehículos de mobilidade persoal (VMP) no Concello de Vigo (Exp. Nº 118921/210), co texto que se transcribe ao final deste acordo.

SEXTO: Notificar o presente acordo a Don Miguel Valverde Juncal, Secretario da ASOCIACIÓN DE USUARIOS DE VEHÍCULOS DE MOBILIDADE PERSOAL DE VIGO, en cumprimento o disposto no artigo 83.3 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e proceder á publicación do mesmo e do texto íntegro da Ordenanza no Boletín Oficial da Provincia de conformidade co disposto no artigos 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local e 196.2 do ROF (RD 2568/1986), entrando ao vigor aos 15 días hábiles da súa publicación.

SÉTIMO: Segundo o previsto nos artigos 1, 10.1.b), 25.1 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, 112.3, 114 e concordantes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, 52 da LRBRL e 209 e ss. do ROF, o acordo de aprobación definitiva da Ordenanza pon fin á vía administrativa e contra esta disposición de carácter xeral non caberá recurso nesta vía, podéndose interpoñer directamente, recurso contencioso-administrativo perante a Sala do mesmo nome do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da publicación íntegra da disposición recorrida; sen prexuízo da interposición polo/a interesado/a de calquera outro recurso que estime procedente conforme a Dereito.

Xefa de Servizo de Seguridade



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/07/2022 09:05	Páxina 49 de 93
3423-1101	CSV: A1ACBE-ACA9BB-5FB3CH-3CHT3G-ZLXJDS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Asdo.: Rosa Ana Garcinuño Barreiro

ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DOS VEHÍCULOS DE MOBILIDADE PERSOAL  
NO CONCELLO DE VIGO.

## ÍNDICE

ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DOS VEHÍCULOS DE MOBILIDADE PERSOAL NO CONCELLO DE VIGO.....	50
PREÁMBULO.....	50
ARTICULADO.....	51
ANEXOS.....	58
Anexo I. Calzadas excluídas á circulación de VMP.....	58
Anexo II. Listado de espazos públicos e permeabilidade da circulación de VMP.....	58
Anexo III. Definicións e clasificación de espazos públicos de menor a maior presenza de vehículos a motor.....	59
Anexo IV. Enumeración de rúas que constitúen o Casco Vello e Bouzas.....	60
EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:.....	77
Desenvolvemento sostible e tradición.....	77
POSTA EN VALOR DO ÁMBITO:.....	78
RÍO BARXA:.....	80
<i>Historia dos asentamentos ao carón do río:.....</i>	<i>82</i>
<i>Muiños do río Barxa en Beade:.....</i>	<i>82</i>
<i>Flora e fauna do hábitat conformado polo río Barxa e Eifonso:.....</i>	<i>83</i>
LEXISLACIÓN:.....	85

ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DOS VEHÍCULOS DE MOBILIDADE PERSOAL  
NO CONCELLO DE VIGO.

### PREÁMBULO

A presente ordenanza nace da vontade deste Concello de garantir o uso axeitado dos espazos públicos para toda a cidadanía ante a aparición en datas recentes dun novo modo de mobilidade urbana como son os denominados vehículos de mobilidade persoal (no sucesivo VMP) regulando o seu uso, de tal forma, que se prime a seguridade viaria.

A norma trata de harmonizar os distintos usos das vías e os espazos públicos; facelos máis compatibles coas distintas modalidades de vehículos, pero tamén cos usuarios máis vulnerables, como son os peóns. Busca o respecto ao medio urbano, e en especial, ao seu patrimonio histórico-artístico, sen significar unha traba a unha nova forma de mobilidade menos contaminante. Por este motivo, o seu obxectivo non é so regular a circulación dos VMP nas vías urbanas, senón tamén impulsar novas formas de mobilidades máis axeitadas co medio ambiente, tal e como recolle o Plan de Mobilidade Urbana Sostible do Concello de Vigo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/07/2022 09:05	Páxina 50 de 93
3423-1101	CSV: A1ACBE-ACA9BB-5FB3CH-3CHT3G-ZLXJDS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Esta ordenanza complementa e amplía a normativa sobre os VMP contida na regulación estatal sobre tráfico e circulación. A regulación afecta o uso destes dispositivos en vías urbanas abertas ao público, non entrando en consideración o emprego noutros ámbitos de carácter privado. Como aspectos máis salientables do presente texto destacar: a introdución da obrigação aos usuarios de portar elementos de seguridade como o casco e prendas reflectoras, a necesidade de dispoñer dun seguro de responsabilidade civil como os demais vehículos a motor, fixar unha idade mínima para o seu manexo polas vías urbanas, establecer a responsabilidade solidaria de pais, nais ou titores no caso de sancións a menores por infraccións cometidas por estes, e unha regulación da súa posible explotación económica que terá no futuro un desenvolvemento máis pormenorizado nas licitacións e concesións correspondentes. Establécense tamén os requisitos técnicos que deben presentar os VMP, certas limitacións de uso relativas á velocidade e o seu emprego en determinadas zonas da cidade.

A ordenanza estruturase en 15 artigos, unha disposición adicional, unha disposición final e catro anexos, a través dos cales defínese o obxecto, características e documentación necesaria dos vehículos, infraccións e sancións, e viais afectos á circulación.

Por último, ante esta nova realidade na mobilidade urbana e os diferentes e lexítimos intereses privados en xogo, a defensa do interese público lévanos a regular dun xeito proporcional e equilibrado, o uso dos vehículos de mobilidade persoal no Concello de Vigo.

## ARTICULADO

### Artigo 1. Obxecto.

1. Esta ordenanza ten por obxecto establecer os requisitos e condicións de uso dos vehículos de mobilidade persoal (VMP) no Concello de Vigo.
2. Para tal efecto regula:
  - a) Os requisitos dos vehículos de mobilidade persoal.
  - b) Os requisitos do/a condutor/a.
  - c) Os requisitos de circulación.
  - d) O réxime sancionador.
  - e) O marco básico regulador das actividades económicas con VMP.

### Artigo 2. Definición.

1. Defínese como vehículo de mobilidade persoal (VMP) aquel dunha ou máis rodas dotados dunha única praza e propulsados exclusivamente por motores eléctricos que poden proporcionar ao vehículo unha velocidade máxima por deseño comprendida entre 6 e 25 km/h. Só poden estar equipados cun asento ou sela se están dotados de sistema de autoequilibrado.
2. Exclúense desta definición os vehículos sen sistema de autoequilibrado e con sela, os vehículos concibidos para competición, os vehículos para persoas con mobilidade reducida e os vehículos cunha tensión de traballo maior a 100 VCC ou 240 VAC, así como aqueles incluídos dentro do ámbito do Regulamento (UE) n.º 168/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de xaneiro de 2013.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/07/2022 09:05	Páxina 51 de 93
3423-1101	CSV: A1ACBE-ACA9BB-5FB3CH-3CHT3G-ZLXJDS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

3. Os dispositivos que non teñen a consideración de VMP, e que están fóra do ámbito de aplicación do Regulamento (UE) nº168/2013 non poden circular polas vías públicas, e no lles afecta esta ordenanza.

4. Os VMP que non sobrepasen a velocidade de 6 km/h teñen a consideración de xoguetes. Non poderán circular por vías urbanas salvo aquelas sinalizadas como zonas residenciais (S-28)

5. Os VMP que non conten con sistema de freado só poderán utilizarse con fins lúdicos ou deportivos e nas zonas especificamente deseñadas ou sinalizadas.

6. Os VMP que non conten con guiador non poderán compartir espazo cos vehículos a motor.

### Artigo 3. Documentación e rexistro municipal de vehículos.

1. Os vehículos de mobilidade persoal deberán dispor de certificado de circulación conforme o disposto no art. 22 bis do Regulamento xeral de vehículos aprobado polo Real Decreto 2822/98, do 23 de decembro, modificado polo Real Decreto 970/20, do 10 de novembro.

2. Por Acordo da Xunta de Goberno Local, poderase crear e levar un rexistro obrigatorio de todos os vehículos de mobilidade persoal.

O obxectivo deste rexistro será permitir a identificación de vehículos e titulares en caso de roubo, extravío ou accidentes. O rexistro de vehículos terá carácter puramente administrativo. Será público para as persoas interesadas e terceiros que teñan interese lexítimo e directo.

En todo caso figurarán:

- a) O Certificado para a circulación.
- b) O Seguro de responsabilidade civil fronte a terceiros.
- c) O usuario

### Artigo 4. O/a condutor/a.

A idade mínima para conducir un VMP é de 15 anos cumpridos.

### Artigo 5. Seguro de responsabilidade civil.

Os/as titulares dos VMP que desexen utilizalos polas vías urbanas deberán dispoñer dun seguro de responsabilidade civil que responda dos posibles danos ás persoas ou aos bens derivados do risco creado pola súa utilización polas vías e espazos públicos da competencia do Concello de Vigo.

### Artigo 6. Aspectos relativos ao uso e circulación.

1. Será obrigatorio o uso de casco homologado e de prenda ou elemento reflector.

2. Respectarase en todo momento as normas xerais de circulación establecidas nesta ordenanza e na lexislación vixente en materia de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/07/2022 09:05	Páxina 52 de 93
3423-1101	CSV: A1ACBE-ACA9BB-5FB3CH-3CHT3G-ZLXJDS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

3. Deberase circular coa dilixencia e precaución necesarias para evitar riscos e/ou danos propios ou alleos. Manterase unha distancia dun metro e medio respecto aos peóns; de non existir un paso seguro entre eles, o condutor/a terá que desmontarse do VMP e empuxalo a pé apagado. A persoa condutora debe estar, en todo momento, en condicións de controlar o seu vehículo.
4. As persoas con mobilidade reducida que se despracen en cadeiras de rodas, con independencia do tipo de cadeira, son peóns, para todos os efectos.
5. Non se pode circular con taxas de alcohol no organismo superiores ás establecidas regulamentariamente, nin con presenza de drogas ou calquera outro tipo de substancias que poidan alterar as condicións persoais para o manexo de vehículos.
6. Só está permitido o uso unipersoal ou monopraza.
7. Non se permite circular con auriculares conectados a aparellos receptores ou reprodutores de son.
8. Non se permite circular usando dispositivos de telefonía móbil, así como calquera outro medio ou sistema de comunicación que implique uso manual.
9. En ningún caso, permitirase que sexan arrastrados por outros vehículos ou animais.
10. Cando circulen por calzada farano polo carril da dereita e ocupando a parte central do mesmo.
11. Nos pasos para ciclistas deberase reducir a velocidade, cruzar a unha velocidade moderada e con precaución, sen invadir o espazo reservado para peóns. Terase que desmontar do VMP no caso de que non existise un paso seguro entre os peóns e empuxar a pé o VMP apagado.
12. Está prohibido circular con VMP levando animais, mercadorías ou obxectos que sobresaían do vehículo.
13. Prohíbese que circulen en formación paralela.
14. Os VMP que pola súa construción dispoñan de luces dianteiras e traseiras deberán facer uso destas para circular. Terán prohibido a circulación entre a posta e saída do sol, e cando as condicións meteorolóxicas sexan desfavorables se non dispoñen de alumeadado.

#### Artigo 7. Vías de circulación dos VMP. Limitacións de uso.

1. Débense cumprir as seguintes condicións específicas de circulación, atendendo ao tipo de vía:
  - a) En beirarrúas e zonas peonís non se poderá circular con VMP. Nestes casos os usuarios deberán desmontarse do VMP, e empuxalo apagado ata o seu destino ou lugar de estacionamento.
  - b) Casco Vello Alto e Baixo, e Casco Histórico de Bouzas (zonas delimitadas no Anexo IV), rúas con prioridade peonil (rúas residenciais sinalizadas con S28 e áreas de convivencia ciclista-peón debidamente sinalizadas). Poderase circular a unha velocidade non superior a 10 km/h, que deberá reducirse a 5 km/h para



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/07/2022 09:05	Páxina 53 de 93
3423-1101	CSV: A1ACBE-ACA9BB-5FB3CH-3CHT3G-ZLXJDS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

acomodala á velocidade dos peóns cando se aproxime a estes, unha distancia mínima de dous metros de separación respecto das fachadas e dun metro e medio de separación respecto das persoas. Terá que desmontarse do VMP no caso de que non existise un paso seguro de entre peóns de 1,5 m e empuxar a pé o VMP apagado.

- c) Circulación polo carril-bici, pista-bici, sendas ciclables e beirarrúas-bici (ao non poder circular polas beirarrúas). A circulación por estes espazos está autorizada coas limitacións do tipo de vehículo do artigo 9 da presente ordenanza e a unha velocidade non superior a 20 km/h
- d) Circulación pola calzada, ciclo-carril. A velocidade máxima será de 25km/h ou no seu caso respectando as limitacións de velocidade xenéricas vixentes ou sinalizadas na vía.
- e) Carril bus: Os VMP poderán circular polo carril bus a unha velocidade máxima de 25 km/h

2. Prohíbese circular por travesías, vías interurbanas e autoestradas e autovías que transcorren dentro de poboación con vehículos de mobilidade persoal. Asemade, queda prohibida a circulación destes vehículos en túneles urbanos e pasos inferiores urbanos.

3. O Anexo I recolle as vías excluídas da circulación dos VMP por razóns como intensidade de uso, composición do tráfico e o seu carácter vertebrador da mobilidade de vehículos a motor, e por dispoñer en tódolos casos de alternativa viaria.

4. O Anexo II recolle os usos permitidos en espazos públicos segundo as características técnicas dos vehículos de mobilidade persoal. O Anexo III recolle a definición destes, excepto a delimitación do Casco Histórico e de Bouzas, que están recollidas no Anexo IV.

5. Os anexos previstos nesta ordenanza poderán ser modificados por necesidades técnicas de circulación por acordo da Xunta de Goberno Local.

#### Artigo 8. Estacionamento.

1. Os VMP estacionaranse nos espazos especialmente destinados a eles e/ou ao aparcamento de bicicletas.

2. No suposto de non existir estes aparcamentos libres nunha contorna de 50 metros, poderán estacionar en fila sobre a beirarrúa a un mínimo de 50 cm do bordo, sempre que non impidan o tránsito de peóns. Se a beirarrúa ten máis de 5 m de anchura, o estacionamento poderase facer en semibatería coas seguintes restricións:

- sempre que non exista sinalización específica que o prohiba;
- a máis de dous metros das extremas das marcas viais que delimitan os pasos de peóns, zonas de carga e descarga, e paradas de transporte público.

3. Os vehículos de mobilidade persoal non poderán ser ancorados a elementos de alumeadado e sinalización, elementos vexetais, bancos, marquesiñas, nin a outros elementos de mobiliario urbano.

4. Os VMP destinados ao exercicio de actividades económicas, estacionaranse nos lugares e forma que estableza o título habilitante para a actividade e/ou concesión.

#### Artigo 9. Actividades económicas privadas.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/07/2022 09:05	Páxina 54 de 93
3423-1101	CSV: A1ACBE-ACA9BB-5FB3CH-3CHT3G-ZLXJDS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

1. Tódolos vehículos de mobilidade persoal que se utilicen para o desenvolvemento dunha actividade económica, incluíndo o alugueiro de tales vehículos, deberán dispoñer dun seguro de responsabilidade civil que responda dos posibles danos ás persoas ou aos bens derivados do risco creado pola súa utilización polas vías e espazos públicos da competencia do Concello de Vigo.

2. Cando a actividade económica teña por obxecto a realización de itinerarios de interese turístico, deberán obter ademais unha autorización municipal cuxo outorgamento esixirá en todo caso:

- a) A existencia do certificado para a circulación, ou no seu defecto legal, o documento que acredite a homologación do vehículo;
- b) Proposta de itinerarios e horarios;
- c) Declaración responsable comprometéndose a non permitir o uso senón é conforme ao disposto na presente ordenanza, ás normas xerais de circulación e demais que resulten aplicables, coidando que os usuarios teñan capacidade bastante para o manexo dos vehículos.

#### Artigo 10. Réxime sancionador.

1. A responsabilidade por infraccións cometidas contra o disposto nesta ordenanza determinarase conforme ao previsto no Real decreto legislativo 6/2015, do 30 de outubro polo que se aproba o Texto refundido da Lei de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria, ou norma que o substitúa, e tramitaranse de acordo coa dita normativa.

2. O procedemento e réxime sancionador das infraccións á presente ordenanza, que non estean recollidas no Real decreto legislativo 6/2015, do 30 de outubro polo que se aproba o Texto refundido da Lei de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria, será o previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas. Neste caso, as sanción serán obxecto dunha bonificación do 50% no suposto de ser abonadas en período voluntario.

3. A tramitación do procedemento sancionador será independente daqueles outros procedementos que tivesen que tramitarse por restauración da realidade física alterada ou por execución forzosa.

4. De cometerse unha posible infracción, a persoa titular do vehículo ten a obriga de identificar ante o Concello ao seu condutor/a.

#### Artigo 11. Suxeitos responsables.

1. A responsabilidade polas infraccións desta ordenanza recaerá directamente na persoa autora do feito.

2. No entanto, cando a infracción corresponda a un menor de dezoito anos responderán solidariamente da sanción imposta os seus proxenitores, titores ou gardadores legais.

3. Nos supostos en que non teña lugar a detención do vehículo pola autoridade, será responsable a/o condutor/a identificado/a polo titular. De non producirse a identificación considerarase responsable o/a condutor /a que conste como titular, excepto no caso de subtracción do vehículo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/07/2022 09:05	Páxina 55 de 93
3423-1101	CSV: A1ACBE-ACA9BB-5FB3CH-3CHT3G-ZLXJDS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

4. No suposto de actividades económicas ademais do suxeito autor da infracción será responsable o titular da actividade.

#### Artigo 12. Infraccións.

1. As infraccións á presente ordenanza cualificaranse en leves, graves e moi graves.

2. Cualificaranse como infraccións leves:

- a) Circular sen manter unha distancia de separación mínima establecidas nesta ordenanza.
- b) Estacionar sobre beirarrúas, paseos e demais zonas destinadas ao paso de peóns.
- c) Estacionar un VMP fóra dos espazos destinados para eles, existindo prazas libres nunha entorna de 50 m.
- d) Amarrar o atar un VMP nun lugar onde está especificamente prohibido.

3. Cualificaranse como infraccións graves:

- a) Circular incumprindo as normas establecidas sobre limitacións de velocidade cando non se considere como infracción moi grave.
- b) Circular en VMP sen ter a idade mínima permitida.
- c) Circular transportando viaxeiros excedendo o uso unipersonal.
- d) Circular cun VMP carecendo de sistema de freado.
- e) Circular con auriculares conectados a aparellos receptores ou reprodutores de son.
- f) Circular por vías ou zonas prohibidas.
- g) Circular incumprindo as condicións de circulación esixidas pola ordenanza e demais normativa de aplicación.
- h) Circular cun VMP sen o casco de protección obrigatorio ou as pezas de roupa ou elementos reflectores.
- i) Circular sen levar timbre, e/ou luces se por construción estivera obrigado.
- k) Conducir utilizando un teléfono móbil ou outro medio ou sistema de comunicación.
- l) Estacionar un VMP fora dos espazos reservados para eles obstaculizando gravemente a circulación peonil ou doutros vehículos.

4. Cualificaranse como infraccións moi graves:

- a) Circular incumprindo as normas establecidas sobre limitacións de velocidade, excedendo en máis dun 50 por cento a velocidade máxima permitida.
- b) Circular con taxas de alcohol no organismo superior ás establecidas regulamentariamente ou con presenza de drogas.
- c) Circular con temeridade, provocando circunstancias de risco propio ou para terceiros, e que podan poñer en perigo ao resto de usuarios/as da vía.
- d) Circular cun aparello que non teña a consideración de VMP e que a súa vez estea fóra do ámbito de aplicación do Regulamento (UE) n.º 168/2013
- e) Carecer de seguro de responsabilidade civil.
- f) Exercer actividade económica con VMP sen ter obtido as autorizacións pertinentes para o inicio da actividade, ou continuar exercendo a actividade esgotado ou finalizado o prazo estipulado para autorización.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/07/2022 09:05	Páxina 56 de 93
3423-1101	CSV: A1ACBE-ACA9BB-5FB3CH-3CHT3G-ZLXJDS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



### Artigo 13. Sancións.

As infraccións descritas sancionaranse do xeito seguinte:

- a) As cualificadas como leves con multas de ata 100 euros.
- b) As cualificadas como graves con multas de 101 euros ata 200 euros.
- c) As cualificadas como moi graves con multas de 201 euros ata 500 euros.

### Artigo 14. Prescrición de infraccións e sancións.

1. As infraccións das normas contidas nesta ordenanza, que á súa vez constitúan infraccións da normativa de tráfico, e os seus regulamentos de desenvolvemento, e as súas sancións correspondentes, rexeranse polo réxime previsto nas ditas normas.
2. O resto das infraccións regulamentadas na ordenanza prescribirán: as leves aos seis meses de ser cometidas, as graves aos dous anos, e as moi graves aos tres anos .
3. O prazo de prescrición das sancións regulamentadas pola ordenanza será: un ano para as leves, dous anos para as graves, e tres anos para as moi graves.

### Artigo 15. Inmobilización e retirada.

1. Os axentes da autoridade encargados da vixilancia do tráfico poderán inmovilizar e retirar o vehículo de mobilidade persoal conforme ó establecido nos artigos 104 e 105 da Lei de tráfico.
2. Na adopción das anteriores medidas provisionais, que non terán carácter de sanción, deberán observarse os principios de proporcionalidade, efectividade e menor onerosidade, de xeito que a súa adopción só terá lugar de ser necesaria para facilitar a fluidez do tráfico ou por representar un perigo para a seguridade viaria.

### Disposición adicional. Tratamento residual dos VMP.

Os vehículos de mobilidade persoal serán obxecto de tratamento residual nos supostos establecidos no art. 106.1, letras a) e b) da Lei de tráfico.

### Disposición final. Publicación e entrada en vigor.

De conformidade co disposto nos artigos 56.1, 65.2 e 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, a publicación e entrada en vigor da ordenanza producirase da seguinte forma:

- a) O acordo de aprobación definitiva desta ordenanza comunicaráse ás Administracións do Estado e da Comunidade Autónoma de Galiza.
- b) Transcorrido o prazo de quince días desde a recepción da comunicación, o acordo e a ordenanza publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.
- c) A ordenanza entrará en vigor aos 15 días da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/07/2022 09:05	Páxina 57 de 93
3423-1101	CSV: A1ACBE-ACA9BB-5FB3CH-3CHT3G-ZLXJDS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

## ANEXOS

### Anexo I. Calzadas excluídas á circulación de VMP

- Gran Vía entre Venezuela e Praza América.
- Avd. de Madrid nos carrís centrais
- Avd. de Castelao
- Avd. de Beiramar
- Avd. de Clara Campoamor
- Avd. do Arquitecto Palacios
- Avd. de Citroën

### Anexo II. Listado de espazos públicos e permeabilidade da circulación de VMP

Tipo de espazo público		VMP sen guiador	VMP con guiador
		Vmax=20km/h	Vmax=25km/h
a)	Beirarrúas Zonas peonís	NON NON	NON NON
b)	Casco Vello Centro e Bouzas Rúas residenciais (sinalizadas con S28) Áreas sinalizadas de convivencia ciclista-peón	SI (a Vmax=10km/h) SI (a Vmax=10km/h) SI (a Vmax=10km/h)	SI (a Vmax=10km/h) SI (a Vmax=10km/h) SI (a Vmax=10km/h)
c)	Carril-bici Pista-bici Sendas ciclables (sinalizadas con S33) Beirarrúas-bici	NON SI SI (a Vmax=10km/h) SI (a Vmax=10km/h)	SI (a Vmax=20km/h) SI (a Vmax=20km/h) SI (a Vmax=10km/h) SI (a Vmax=10km/h)
d)	Calzada Ciclo-carril Zona 30	NON NON NON	SI SI SI
e)	Carril bus/taxi/moto	NON	SI
d)	Túneis e pasos inferiores urbanos.	NON	NON



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/07/2022 09:05	Páxina 58 de 93
3423-1101	CSV: A1ACBE-ACA9BB-5FB3CH-3CHT3G-ZLXJDS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

### Anexo III. Definicións e clasificación de espazos públicos de menor a maior presenza de vehículos a motor.

- Zona peonil: parte da vía, elevada o delimitada doutra forma, reservada á circulación de peóns. Inclúese nesta definición a beirarrúa, ou andén e o paseo.
- Vía Ciclista: Vía especificamente condicionada para o tráfico de ciclos, coa sinalización horizontal correspondente, e cuxo ancho permite o paso seguro deste vehículos.
- Área de convivencia ciclista-peón: rúas ou zonas peonís na que se permite expresamente circular en bicicleta mediante sinalización vertical correspondente. Poden existir marcas no pavimento que indiquen unha zona ou eixo de circulación ciclista. Débese respectar o peón, quen terá preferencia en todo momento. O usuario do vehículo está obrigado/a a apearse e ir andando se as condicións de circulación pola presenza de peóns non permiten manter unha distancia mínima de 1m. Estarán debidamente sinalizadas.
- Pista bici: vía ciclista segregada do tráfico motorizado con trazado independente das estradas
- Senda ciclable (S33): vía para peóns e ciclos, segregada do tráfico motorizado, e que discorre por espazos abertos, parques, xardíns ou bosques.
- Beirarrúa-bici: vía ciclista sinalizada sobre a beirarrúa.
- Rúas residenciais (S28): zonas de circulación especialmente acondicionadas que están destinadas en primeiro lugar a peóns. Nelas aplícanse as normas especiais de circulación seguintes: velocidade máxima dos vehículos 20 km/h e os condutores deben conceder a prioridade aos peóns. Os vehículos non poden estacionarse máis que nos lugares designados por sinais ou por marcas. Os peóns poden utilizar toda a zona de circulación. Os xogos e os deportes están autorizados. Os peóns non deben estorbar inutilmente aso condutores de vehículos.
- Carril-bici :Vía ciclista que descorre apegada á calzada, en un só sentido ou en dobre sentido.
- Ciclo-carril: calzada de varios carrís na que un só carril ten limitada a velocidade. As bicicletas e VMP teñen preferencia sobre os vehículos a motor. Os demais vehículos teñen permitido o seu uso respectando unha distancia de seguridade de 10m.
- Carril bus/taxi: carril especialmente reservado ou habilitado para a circulación de transporte colectivo de viaxeiros.
- Zonas 30: zona de circulación especialmente acondicionada que está destinada en primeiro lugar ós peóns. A velocidade máxima dos vehículos está fixada en 30 km/h. Os peóns teñen prioridade.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/07/2022 09:05	Páxina 59 de 93
3423-1101	CSV: A1ACBE-ACA9BB-5FB3CH-3CHT3G-ZLXJDS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Anexo IV. Enumeración de rúas que constitúen o Casco Vello e Bouzas

- Casco Vello Alto: rúas de Abeleira Menéndez, Cruz Verde, Ferrería, San Sebastián, Subida ao Castelo, Herba, Santiago e Praza de Argüelles.
- Casco Vello Baixo: o interior do perímetro delimitado polas rúas de Elduayen, Carral, Cánovas del Castillo, Avda. de Beiramar ata a súa confluencia coas rúas de San Francisco e Poboadores, incluídas estas dúas últimas.
- Casco Histórico de Bouzas: Alameda Suárez Llanos, rúas de Ferreiros entre Casiano Martínez e Rúa do Pazo; Ramón Antonio Álavaro, Caetano Pereira Limia, Santa Ana, Pazo, Praza da Vila de Bouzas, Sebastián Elcano, Alfaies, San Miguel e Santo Cristo.”

*Incidencia. Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.*

**MOCIÓNS:**

**7.(78) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO, PARA A CONVERSIÓN DA SAREB NUN INSTRUMENTO PARA GARANTIR O DEREITO Á VIVENDA E A HABILITACIÓN DE MECANISMO DE CESIÓN AOS CONCELLOS. EXPTE. PLENO 3391/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 21 de abril de 2022, número 3391/1101, os concelleiros do grupo municipal Mixto, Sra. Méndez Fuentes e Sr. Pérez Correa, formulan a seguinte,

“MOCIÓN PARA A CONVERSIÓN DA SAREB NUN INSTRUMENTO PARA GARANTIR O DEREITO Á VIVENDA E A HABILITACIÓN DE MECANISMOS DE CESIÓN AOS CONCELLOS.

A creación dunha sociedade de xestión de activos inmobiliarios, popularmente coñecida como “banco malo”, foi unha das condicións impostas no MoU, o Memorándum de Entendemento asinado coa Unión Europea para o rescate de España en 2012.

A Sociedade de Xestión de Activos procedentes da Reestruturación Bancaria, en diante SAREB, foi creada co obxectivo de comprar parte dos activos tóxicos e problemáticos que tiña a banca para “limpar” os seus balances e eliminar o lastre que neles tiñan os activos “ improdutivos”. Vivendas e solos que estaban en poder das entidades despois de ser executadas as garantías e hipotecas de quen non pagara os préstamos asinados, ademais de créditos errados con enormes dificultades de recuperación, foron traspasados a este “banco malo” para que as



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/07/2022 09:05	Páxina 60 de 93
3423-1101	CSV: A1ACBE-ACA9BB-5FB3CH-3CHT3G-ZLXJDS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

entidades deixasen de ter o lastre de ter que provisionar eses activos que non lles xeraban máis que gastos e obrigábanlles a reservar capital.

Para que non impactase negativamente nas contas das Administracións Públicas, SAREB constituíuse con maioría de accionistas privados sen consolidar o seu balance coas contas do Estado. Foi financiada con recursos públicos que supoñían un 95,31% do total, pero a porcentaxe de propiedade accionarial público só sería do 45,68%. Ao mesmo tempo, os socios privados que só aportaban o 4,69% do financiamento total, quedaban co 54,33% das accións.

A notificación da Unión Europea de abril de 2021 no contexto do Procedemento de Déficit Excesivo de 2020 desmontou a estratexia e supuxo a integración contable da SAREB como parte das Administracións Públicas.

Como consecuencia da reclasificación, a actividade da compañía repercute directamente sobre as contas públicas con efectos desde 2020. Supuxo un incremento no déficit público de 2020 de 9.891 millóns de euros (0,88% do PIB) e un incremento da débeda PDE consolidada das Administracións Públicas de 34.145 millóns de euros en decembro de 2020 (3,05% do PIB). Do mesmo xeito, nos sucesivos exercicios, as operacións de disposición do seu activo por parte da SAREB, así como os seus resultados contables afectarán o saldo das contas nacionais do sector das Administracións Públicas.

SAREB adquiriu por tanto inmobles, créditos e solo por valor de 50.781 millóns de euros despois de aplicar un desconto medio do 52% sobre o que tiñan nas entidades. É dicir, activos contabilizados nas entidades bancarias nacionalizadas por 107.121 millóns de euros, foron adquiridos polo “banco malo” por 50.781 millóns.

A pesar desa rebaixa aparentemente elevada, traspasáronse moito máis caros do que realmente valían. De feito, a Comisión Europea indicou en decembro de 2012, que o desconto medio co que SAREB debería adquirir os activos era dun 72%. É dicir, supoñía case 20 puntos porcentuais sobre o valor bruto de traspaso realmente practicado. Compráronse os inmobles, o solo e os créditos por 18.000 millóns de euros máis do que valían.

O Ministro de Economía, Luís de Guindos, aseguraba en novembro de 2012, só uns meses despois da creación da SAREB, que a sociedade non só non lles custaría diñeiro aos contribuíntes españois, senón que, ao longo da súa vida, ofrecería unha rendibilidade do 15%.

Con todo, en xuño de 2021 a sociedade consumira os 1.200 millóns achegados de capital e os 3.600 millóns de débeda subordinada que subscribiran os accionistas. En total 4.800 millóns. Pero ademais o patrimonio neto da SAREB era negativo en case 9.700 millóns de euros. En total un quebranto contable que ascende a uns 14.500 millóns dos que 12.000 millóns son públicos.

O resultado de todo o anterior foi a aprobación dun Real Decreto para eliminar os límites á participación do Estado no accionariado de SAREB, permitindo así a nacionalización de facto.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/07/2022 09:05	Páxina 61 de 93
3423-1101	CSV: A1ACBE-ACA9BB-5FB3CH-3CHT3G-ZLXJDS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

A aprobación da Real Decreto-lei 1/2022, do 18 de xaneiro, polo que se modifica o réxime xurídico das sociedades de xestión de activos e en particular o réxime da Sociedade de Xestión de Activos procedentes da Reestruturación Bancaria deixa en evidencia a negligente actuación na xestión desta sociedade e a necesidade de modificar a forma de actuar.

Polo exposto, o Grupo municipal mixto (Marea de Vigo) presenta ao Pleno para a súa aprobación se procede os seguintes:

## ACORDOS

1. O Pleno do Concello de Vigo insta ao Goberno do estado a promover unha modificación no articulado da Lei 9/2012, do 14 de novembro, de reestruturación e resolución de entidades de crédito; a Lei 11/2015, do 18 de xuño, de recuperación e resolución de entidades de crédito e empresas de servizos de investimento; e o Real Decreto 1559/2012, do 15 de novembro, polo que se establece o réxime xurídico das sociedades de xestión de activos, en relación co réxime xurídico da Sociedade de Xestión de Activos procedentes da Reestruturación Bancaria.
2. O Pleno do Concello de Vigo insta o Goberno do estado á creación dunha Comisión de Investigación Parlamentaria que estableza as responsabilidades políticas dunhas decisións que causaron un descomunal custo e quebranto de fondos públicos que ascende, de momento, a 14.500 millóns de euros, dos que 12.000 millóns son públicos e á asunción de case 35.000 millóns de débeda. Con especial detalle é preciso coñecer o ocorrido en relación cos prezos de traspaso fixados do Banco de España, as operacións de venda de activos realizadas por SAREB, a contratación dun derivado por valor de 42.000 millóns de euros que supuxo un quebranto de case 4.000 millóns de euros a SAREB e do que se beneficiaron as entidades bancarias beneficiarias do swap (Santander, Societé Générale, Caixa, Barclays, Crédit Agricole, e Cecabank) e a modificación das condicións dos bonos emitidos por SAREB para que a partir de 2017 non puidesen ter rendementos negativos e que orixinou 483 millóns de perdas á SAREB e pode causar outros 465 millóns nos próximos anos.
3. O Pleno do Concello de Vigo insta o Goberno do estado á modificación do obxecto social da SAREB para converter a esta sociedade nunha ferramenta pública para garantir o dereito á vivenda con duración indefinida. Para iso a Sociedade de Xestión de Activos procedentes da Reestruturación Bancaria deberá depender do Ministerio que teña as competencias a nivel estatal en materia de vivenda.
4. O Pleno do Concello de Vigo insta o Goberno do estado a que, co fin de poder fiscalizar e controlar adecuadamente SAREB, a toma de control público incorporará a creación dun organismo que permita o seguimento da actividade da sociedade e a comprobación do cumprimento dos seus obxectivos, máis aló dos órganos de control da sociedade. No Consello de Administración e nos devanditos organismos de seguimento participarán os ministerios que teñan competencias en dereitos sociais e vivenda.
5. O Pleno do Concello de Vigo insta o Goberno do estado a elaborar un censo dos activos que ten en propiedade. Que inmobles e solos que pagamos con diñeiro público sigan sendo algo descoñecido para os ministerios que teñen competencias



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/07/2022 09:05	Páxina 62 de 93
3423-1101	CSV: A1ACBE-ACA9BB-5FB3CH-3CHT3G-ZLXJDS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

relacionadas como é o caso de Transporte (vivenda) ou Dereitos Sociais, debe ser emendado de maneira inmediata.

6. O Pleno do Concello de Vigo insta o Goberno do estado a que, para defender os intereses públicos, a SAREB debe modificar os próximos bonos que emita para que poidan xerar rendementos negativos. A compañía anunciou que interpuxo unha demanda contra os seus garfos de débeda senior (Abanca, CaixaBank, Banco Sabadell, BBVA, Unicaja, Ibercaja e BFA) co obxectivo de conseguir que os seus bonos poidan xerar rendementos negativos, segundo unha nota remitida á CNMV. Solicita, en concreto, que se declare que o cupón trimestral dos bonos senior emitidos por SAREB a partir das emisións 2017-3 e 2018-1 e sucesivas poden xerar rendementos negativos. Reclama, así, que a banca que ten esa débeda páguelle pola mesma dado como están os tipos de interese actualmente. Como exemplo, en 2020 a compañía deixou de ingresar por esta causa 147 millóns de euros.

7. O Pleno do Concello de Vigo insta o Goberno do estado a facilitar unha xestión social do parque de vivendas actual de SAREB integrando as mesmas o parque social para garantir acceso á vivenda da poboación, especialmente a máis vulnerable. Para iso levará a cabo unha xestión activa coas persoas que están en precario en vivendas da SAREB para xestionar alugueiros sociais vinculados ao nivel de ingresos. Estímase que poderían alcanzar un prezo medio de 100 euros mensuais, oscilando entre niveis inferiores para as persoas inquilinas en situación de máis vulnerabilidade e 300 euros como máximo.

8. O Pleno do Concello de Vigo insta o Goberno do estado a habilitar os mecanismos legais que posibiliten a suspensión de forma indefinida dos procedementos de desafiuzamento con obxecto de que os servizos sociais poidan ofrecer solucións ás persoas que habiten vivendas propiedade de SAREB e que se atopen en situación económica sen alternativa habitacional.

9. O Pleno do Concello de Vigo insta á FEMP a fomentar o mecanismo para a cesión de vivendas da SAREB co fin de que as corporacións locais poidan xestionar as vivendas en e destinalas a un parque municipal de vivenda de alugueiro social.

10. O Pleno do Concello de Vigo insta o goberno do estado e á Xunta de Galicia a realizar as xestións pertinentes coa SAREB para que o solo urbanizable que atesoura (máis de 72 millóns de metros de chan en desenvolvemento) teña un fin como solo para vivenda pública destinada a alugueiro social.

11. O Pleno do Concello de Vigo dará traslado destes acordos ao Goberno do Estado, ao da Xunta de Galicia e á FEMP.”

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

VOTACIÓN DOS PUNTOS 1, 2, 4 e 6: Con tres votos a favor dos membros do grupo municipal Mixto señor e señora Pérez Correa e Méndez Fuentes, mais do membro non adscrito Sr. Pérez Igrexas, e vinte e unha abstención dos membros do grupo municipal Socialista, señoras e señores, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Álvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/07/2022 09:05	Páxina 63 de 93
3423-1101	CSV: A1ACBE-ACA9BB-5FB3CH-3CHT3G-ZLXJDS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, e mais dos membros do grupo municipal do Partido Popular señoras e señor, Bartolomé Tocino, López Román e Marnotes González, apróbanse os puntos 1, 2, 4 e 6 do texto da moción.

VOTACIÓN DOS PUNTOS 3, 5, 7, 8 e 9: Con vinte e un votos a favor dos membros do grupo municipal Mixto señor e señora Pérez Correa e Méndez Fuentes, mais do membro non adscrito Sr. Pérez Igrexas, e mais dos membros do grupo municipal Socialista, señoras e señores, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Álvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, e tres abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señoras e señor, Bartolomé Tocino, López Román e Marnotes González, apróbanse os puntos 3, 5, 7, 8 e 9 do texto da moción.

ACORDO:

Aprobar a moción presentada, en data 21.04.22 (Rex. Nº 3391/1101), polos concelleiros do grupo municipal Mixto, Sra. Mendez Fuentes e Sr. Pérez Correa, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

### **8.(79) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR EN APOIO DO CENTRO OCEANOGRÁFICO DE VIGO, INSTANDO AO GOBERNO DE ESPAÑA A FIXAR A SEDE CENTRAL, ADMINISTRATIVA E OPERATIVA DO INSTITUTO ESPAÑOL DE OCEANOGRAFÍA EN VIGO. EXPTE. PLENO 3385/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 19 de abril de 2022, número 3385/1101, o voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Marnotes González, formula a seguinte,

#### MOCIÓN

“Mediante Real Decreto do 17 de abril de 1914 polo que se creaba o Instituto Español de Oceanografía dispúxose localización dun laboratorio costeiro en Vigo, que foi inaugurado oficialmente o 2 de setembro de 1917 e que constitúe o cerne do actual Centro Oceanográfico de Vigo en Cabo Estai.

Dende a súa fundación, hai máis dun século, o seu labor científico foi un apoio fundamental para o desenvolvemento da actividade pesqueira e conserveira que fixo de Vigo unha gran cidade e nunha potencia pesqueira mundial. Os grandes fitos en investigación mariña saíron do Oceanográfico vigués e acompañaron o crecemento da nosa industria marítima, primeiro cos seus traballos sobre a sardiña ou a conserva e xa nos anos 60 mediante estudos químicos sobre transporte e conservación de peixe, peza clave para a construción en Vigo dos primeiros barcos conxeladores do mundo e o nacemento da industria conxeladora de produtos do mar da que Vigo é capital mundial. E por eso, o Oceanográfico de Vigo, dependente do Instituto Español de Oceanografía ostenta a Medalla da Cidade, que recibiu no ano 2017 con ocasión do seu centenario.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/07/2022 09:05	Páxina 64 de 93
3423-1101	CSV: A1ACBE-ACA9BB-5FB3CH-3CHT3G-ZLXJDS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



Hoxe, a actividade céntrase en tres grandes áreas de investigación: Acuicultura, Medio Ambiente e Pesqueiras e o centro conta con 160 traballadores, dos que 51 son investigadores. Continúa a ser pioneiro na cría en cativeiro de especies como o polbo, o rodaballo ou o sanmartiño. Os seus científicos descubren novas técnicas xenéticas para loitar contra as algas tóxicas, dan nome a crustáceos ata o de agora descoñecidos e participan en diversas campañas internacionais para descubrir novos caladoiros á frota pesqueira española.

É tamén un referente en investigación sobre a vertedura de residuos industriais e os estudos relacionados coa contaminación mariña, que segue sendo unha das súas liñas prioritarias de investigación. O centro vigués, que dispuxo do primeiro buque oceanográfico moderno con capacidade oceánica con que contou o noso país, o "Cornide de Saavedra", conta cunha flota de catro barcos de investigación mariña.

Por iso, cando o goberno anunciou a descentralización das sedes de ámbito estatal e aprobou o Real Decreto 209/2022, de 22 de marzo, polo que se establece o procedemento para a determinación das sedes das entidades do sector público, Galicia esperaba que rematase a anomalía de que a sede do Instituto de Oceanografía estivese en Madrid e Vigo confiaba en que se establecería na nosa cidade, que xa conta dende 2003 cunha sede dunha institución europea no ámbito pesqueiro: A Axencia Europea da Pesca. Era lóxico pensar o goberno central fixase a sede do seu Instituto Oceanográfico precisamente en Vigo, primeiro porto pesqueiro de Europa e capital mundial do conxelado, onde xa conta cun centro de investigación de máximo nivel, un campus universitario do mar e unha axencia europea de pesca. Porén, decide descentralizar o Instituto en tres sedes, pero ningunha en Vigo: unha para pesca en Santander, outra para acuicultura en Murcia e outra para medio mariño que queda en Madrid.

Con esta decisión, ilóxica dende un análise económico, industrial, social e mesmo histórico, o goberno da ás costas á nosa industria, ignora a realidade e despreza a cidade. Debe ser rectificada.

Por todo o anteriormente exposto, o grupo municipal do Partido Popular propón ao Pleno da Corporación á adopción dos seguintes ACORDOS:

- 1.- Rexeitar a decisión do goberno de España de arrebatarse a Vigo a sede do Instituto Español de Oceanografía.
- 2.- Instar ao goberno de España a fixar en Vigo a sede central, administrativa e operativa do Instituto Español de Oceanografía."

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

VOTACIÓN: Con tres votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señoras e señor, Bartolomé Tocino, López Román e Marnotes González, tres abstencións dos membros do grupo municipal Mixto, señor e señora Pérez Correa e Méndez Fuentes mais do membro non adscrito Sr. Pérez Igrexas, e dezaoto votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señoras e señores, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/07/2022 09:05	Páxina 65 de 93
3423-1101	CSV: A1ACBE-ACA9BB-5FB3CH-3CHT3G-ZLXJDS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Álvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, adoptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a moción presentada, en data 19.04.22 (Rex. Nº 3385/1101), polo voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Marnotes González, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

**9.(80) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, SOLICITANDO AO MINISTERIO DE CIENCIA E TECNOLOXÍA QUE NO PROCESO DE DESCENTRALIZACIÓN DO INSTITUTO ESPAÑOL DE OCEANOGRAFÍA A SEDE DE COORDINACIÓN SE LOCALICE EN VIGO. EXPTE. PLENO 3396/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 22 de abril de 2022, número 3396/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Espinosa Mangana, formula a seguinte,

MOCIÓN

“O Instituto Español de Oceanografía (IEO) foi creado por Real Decreto o 17 de abril de 1914 e, hoxe en día, é a principal institución pública dedicada á investigación en ciencias mariñas en España, especialmente en relación co coñecemento científico dos océanos, a sustentabilidade da pesca e o medio mariño.

O IEO é unha organización pioneira en España e unha das primeiras organizacións do mundo que comezou a dedicarse integramente á investigación sobre o mar e os seus recursos. Creado en 1914, pouco despois integráranse no organigrama laboratorios de nova creación xa previstos no seu decreto fundacional, como o de Vigo en 1917.

Ademais, o IEO ten entre os seus obxectivos o asesoramento científico e tecnolóxico ás administracións en materia oceanográfica e representa a España desde o punto de vista científico na maioría dos organismos internacionais relacionados coa oceanografía e a pesca.

Unha institución moi arraigada e vinculada a cidade. Así Vigo ten recoñecido o papel do IEO co nomeamento de "Vigués Distinguido" en 2007 e a Medalla de Ouro da Cidade en 2017, con ocasión do seu centenario.

A cidade de Vigo é un referente mundial en investigación mariña, acollendo proxectos científico-tecnolóxico relevantes que teñen ademais repercusións económicas de primeiro nivel. Vigo xa é hoxe a cidade europea con maior concentración de institucións e unidades de investigación públicas e privadas do sector, hasta sumar un total de cerca de 1000 investigadores.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/07/2022 09:05	Páxina 66 de 93
3423-1101	CSV: A1ACBE-ACA9BB-5FB3CH-3CHT3G-ZLXJDS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

A propia Universidade de Vigo, coas facultades de Ciencias do Mar, Bioloxía, e Química e a Estación de Ciencias Mariñas de Toralla, o Instituto de Investigacións Mariñas, que forma parte do CSIC, ANFACO (Asociación Nacional de Fabricantes de Conservas, acreditado como centro tecnolóxico), o Instituto Marítimo-Pesqueiro do Atlántico, así como a Axencia Europea de Control da Pesca. Este conxunto de institucións académicas, de investigación e innovación conforman un ecosistema de investigación e innovación único en España e en Europa.

Si, a isto unimos, a súa flota pesqueira, a importancia do porto de pesca e a lonxa coa maior facturación e volume de Europa, a relevancia e o posicionamento mundial de Vigo nesta materia resultan dificilmente cuestionables. Trátase de liderar a integración das capacidades científicas, tecnolóxicas e económicas existentes, potenciar as áreas de investigación das ciencias e tecnoloxías mariñas, integrar a investigación no mundo da actividade pesqueira e marítima, salientando a solvencia da conexión dos procesos de investigación, docencia, actividade pesqueira, coñecemento oceanográfico e a realidade económica do sector mar/pesca, así como optimizar as inversións e dinamizar a converxencia de intereses públicos e privados.

Todos estes criterios sitúan a Vigo nun destacado de Europa, e resulta polo tanto, incomprendible e inasumible a marxinación que supón esquecer ao polo marítimo-pesqueiro de Vigo a hora de situar a sede do Instituto Español de Oceanografía, no proceso de descentralización da Administración Xeral do Estado que o Goberno de España ven de iniciar. As nosas peticións non cuestionan a capacidade científica dos centros do IEO en Murcia e Santander, senón todo o contrario, defendemos o ecosistema de investigación e innovación marítimo-pesqueira de Vigo como o máis axeitado para coordinar estas actividades do IEO.

É verdade que nesta situación, a Xunta de Galicia que ten competencias en investigación, desenvolvemento e innovación nin avalou nin promoveu a candidatura de Vigo como sede do Instituto Español de Oceanografía. Para a cidade de Vigo resulta inaceptable tamén este abandono de responsabilidades da Xunta de Galicia, xa que non se fixo público ningún documento que defenda a candidatura do IEO de Vigo ante o Goberno de España; este deixamento de funcións da Xunta de Galicia sorprende, certamente, tendo en conta o tradicional enfoque reivindicativo do aínda presidente da Xunta fronte ao Goberno de España, cando as demandas son para outros lugares de Galicia.

E por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte:

#### ACORDO

- Solicitar ao Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía que no proceso de descentralización do Instituto Español de Oceanografía a sede de coordinación se localice en Vigo.
- Rexeitar o procedemento desenvolvido e a desconsideración do Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía na avaliación dos méritos históricos, laborais e investigadores de Vigo como sede do Instituto Español de Oceanografía.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/07/2022 09:05	Páxina 67 de 93
3423-1101	CSV: A1ACBE-ACA9BB-5FB3CH-3CHT3G-ZLXJDS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

- Rexeitar o papel da Xunta de Galicia neste proceso, por non ter activado a candidatura de Vigo e ter mantido un intolerable e cómplice silencio dende que se produciu o anuncio da descentralización do IEO por parte do Goberno de España.
- Felicitar ao traballadores, profesionais e investigadores nos ámbitos marítimo-pesqueiros vinculados a cidade de Vigo.”

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

VOTACIÓN: Con dezaoito votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señoras e señores, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Álvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, tres abstencións dos membros do grupo municipal Mixto señor e señora, Pérez Correa e Méndez Fuentes, mais do membro non adscrito Sr. Pérez Igrexas, e tres votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señoras e señor, Bartolomé Tocino, López Román e Marnotes González, adoptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a moción presentada, en data 22.04.22 (Rex. Nº 3396/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Espinosa Mangana, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

### **10.(81) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, EN APOIO Á PLATAFORMA SOS SANIDADE PÚBLICA DA ÁREA SANITARIA DE VIGO. EXPTE. PLENO 3398/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 22 de abril de 2022, número 3398/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

- MOCIÓN DE APOIO A PLATAFORMA SOS SANIDADE PÚBLICA DA ÁREA SANITARIA DE VIGO -

“Antes da pandemia da COVID-19, a Atención Primaria e Hospitalaria, atravesaba unha profunda crise estrutural, con demoras e masificación da asistencia, como consecuencia dos recortes nos orzamentos aplicados polos sucesivos gobernos do Partido Popular.

A crise da Pandemia por COVID-19 e a súa patoloxía, significou a paralización da actividade Asistencial tanto da Atención primaria como da Hospitalaria, por medo a que colapsara o hospital, o que determinou non só postergar a actividade asistencial preferente e crónica, senón tamén a actividade cirúrxica non urxente, co incremento das demoras, tanto en consultas como en probas complementarias, así como as listas de espera cirúrxicas. Estímase que en Galicia paralizáronse ao redor



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/07/2022 09:05	Páxina 68 de 93
3423-1101	CSV: A1ACBE-ACA9BB-5FB3CH-3CHT3G-ZLXJDS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

de 3.000 das intervencións cirúrxicas, 600.000 consultas e 20.000 probas diagnósticas.

Ao mesmo tempo a administración limitou o acceso aos Centros de Saúde, substituíndo a consulta presencial pola telefónica e reduciu o aforo das salas de espera obrigando aos pacientes a facer cola fóra dos centros para recibir atención.

Estas actividades hai que recupéralas o antes posible, para evitar o deterioro do propio sistema e empeorar os datos de saúde da poboación.

Durante eses meses, os traballadores e as traballadoras da Sanidade Pública recibiron o recoñecemento e a gratitude da cidadanía a súa labor desenvolvida en durísimas condicións. Este recoñecemento abría a esperanza de que tras o estado da alarma sanitaria o SERGAS impulsase medidas e reformas para mellorar e fortalecer esta primeira liña asistencial, tal como manifestan as sociedades científicas, axentes sociais e sindicais.

Por unha Atención Primaria digna, con profesionais suficientes para atender, con tempo, os pacientes.

A nosa Atención Primaria continúa marxinalizada a pesar das continuas esixencias dos traballadores dos Centros de Saúde, co apoio da cidadanía, de máis persoal de todas as categorías, de maior investimento, do final das trabas de acceso ás probas diagnósticas ou da mellora da accesibilidade ás especialidades hospitalarias.

Os Centros de Saúde seguen sometidos a unha dirección centrada no hospital, que so foi modificada de xeito nominal, e que non permite que a Atención Primaria poda xestionar o seu orzamento e os seus recursos humanos.

Mentres tanto as consultas seguen masificadas, superando con moito o límite dos 30 pacientes ao día, e os Puntos de Atención Continuada (urxencias) seguen recibindo unha presión asistencial tamén insoportable, e nestas condicións non teremos nin profesionais da Medicina de Familia nin da Pediatría que queiran traballar na nosa Área Sanitaria.

Por unha Atención Hospitalaria con capacidade para atender ao 100% da cidadanía sen insoportables listas de espera.

Na Atención Hospitalaria, os recortes de recursos introducidos pola Xunta no novo Hospital Alvaro Cunqueiro e a renovación do Concerto co Hospital POVISA fan que a Área Sanitaria de Vigo teña a maior lista de espera cirúrxica de toda Galicia (12% superior), aínda ocultando ás persoas que están pendentes de cita ou as que están nunha lista que chaman "non estrutural"

As limitacións producidas polos axustes de persoal fan que os "ratios" (número de paciente por profesional) do persoal sanitario e non sanitario sexan insuficientes para unha atención de calidade, situación que o propio persoal suple coa súa entrega e profesionalidade.

Esta falta de recursos explican as dificultades que padecemos periodicamente nas urxencias hospitalarias ou que persistan os problemas de acceso dos pacientes derivados de Atención Primaria a Atención Hospitalaria.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/07/2022 09:05	Páxina 69 de 93
3423-1101	CSV: A1ACBE-ACA9BB-5FB3CH-3CHT3G-ZLXJDS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Por unha contratación digna que permita ofrecer unha atención sanitaria de calidade.

Xunto a todo isto, o deterioro das condicións laborais do persoal da sanidade pública, con contratacións precarias e abusivas, fai aínda máis difícil ofrecer unha atención sanitaria de calidade, e condena á emigración as e os profesionais formados que queren acadar empregos dignos.

Contra o incremento da privatización e da inequidade.

O deterioro da Atención Primaria, provocado pola precarización e a falta de profesionais, ten como consecuencia o incremento das barreiras de acceso e favorece á privatización, coa correspondente fuxida das persoas con maior capacidade económica aos seguros privados (na actualidade xa supón un 20% da poboación) e a desprotección das persoas con menos recursos, en consecuencia un aumento da inequidade.

Hai que salvar a Atención Primaria e recuperar a Sanidade Pública o antes posible, para evitar un maior deterioro do propio sistema e empeorar os datos de saúde da poboación.

A Plataforma SOS Sanidade Pública da Área Sanitaria de Vigo, non irnos deixar que a COVID-19 serva de escudo á Xunta de Galicia onde resgardarse para non facer fronte ós problemas estruturais que padece a Sanidade Pública de Galicia, dende hai moito tempo: precariedade laboral e falta de inversión. Polo que tras o traballo que están a realizar as Plataformas en Defensa da Sanidade Pública nos ámbitos locais, convocamos unha Manifestación o Xoves 12 de Maio en Vigo, baixo o lema : "SALVEMOS A ATENCIÓN PRIMARIA. RECUPEREMOS A SANIDADE PÚBLICA" para reverter esta situación."

É por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte:

#### ACORDO

- Instar á Xunta de Galicia á implantación de forma inmediata dunha Atención Primaria digna, con profesionais suficientes para atender con tempo as e os pacientes.
- Instar á Xunta de Galicia a implantar de inmediato unha Atención Hospitalaria con capacidade para atender ao 100% da cidadanía sen insoportables listas de espera.
- Instar á Xunta de Galicia á adopción das medidas estruturais precisas para ter unha contratación digna que permita ofrecer unha atención sanitaria de calidade.
- Instar á Xunta de Galicia a contratar e acabar ca precariedade laboral do persoal, aplicando un "Plan de Mellora da Atención Primaria" que redimensione os equipos multidisciplinares para dar cobertura as necesidades de saúde da poboación.
- Instar á Xunta de Galicia a desenvolver os Instrumentos de participación cidadá na sanidade, tan necesarios, para que a cidadanía exprese as súas necesidades e poder actuar con eficiencia sobre os determinantes da saúde."



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/07/2022 09:05	Páxina 70 de 93
3423-1101	CSV: A1ACBE-ACA9BB-5FB3CH-3CHT3G-ZLXJDS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

VOTACIÓN: Con vinteun votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señoras e señores, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Álvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, mais os membros do grupo municipal Mixto señor e señora, Pérez Correa e Méndez Fuentes, e mais do membro non adscrito Sr. Pérez Igrexas, e tres votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señoras e señor, Bartolomé Tocino, López Román e Marnotes González, adoptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a moción presentada, en data 22.04.22 (Rex. Nº 3398/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

**11.(82) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, INSTANDO AO GOBERNO DE ESPAÑA PARA QUE MODIFIQUE A PLANIFICACIÓN VIXENTE 2021-2026 DA REDE ELÉCTRICA DE ESPAÑA E CONECTE A ÁREA URBANA DE VIGO E A FACTORÍA DE STELLANTIS Á REDE DE TRANSPORTE DE ENERXÍA ELÉCTRICA DE 220 KILOVOLTIOS. EXPTE. PLENO 3397/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 22 de abril de 2022, número 3397/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Losada Alvarez, formula a seguinte,

MOCIÓN

“En 2013 foi a primeira vez que PSA solicitou a chegada da rede de moi alta tensión á súa fábrica de Vigo. O goberno de Mariano Rajoy non quixo facer este novo acceso enerxético, e nese momento o silencio de Feijóo ante as demandas da empresa foi atronador.

Diga o que diga agora o presidente da Xunta, o goberno galego tivo unha absoluta falta de iniciativa política diante do goberno de España durante cinco anos, desde 2013, cando PSA solicitou a súa conexión á rede de 220 kilovoltios, ata xuño de 2018, cando o Partido Popular saíu do Goberno de España.

Fronte a esta traxectoria de Feijóo, dende que chegou a alcalde en 2007, Abel Caballero estivo sempre ao lado da fábrica de PSA e das súas necesidades. O alcalde de Vigo reivindicou esta conexión enerxética cando gobernaba Mariano Rajoy en 2015 e 2016, e agora que goberna Pedro Sánchez, esta é a gran diferenza entre os dous.

E si ben os informes técnicos sinalan que a demanda prevista non cumpre os requisitos do decreto vixente, como dixo o Alcalde, "entón haberá que modificar o



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/07/2022 09:05	Páxina 71 de 93
3423-1101	CSV: A1ACBE-ACA9BB-5FB3CH-3CHT3G-ZLXJDS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

decreto". E de xeito discreto, que é como se fan estas cousas, está a traballar niso co Ministerio de Transición Ecolóxica; e que ninguén dubide que vai saír adiante.

O alcalde de Vigo ten reiterado sempre que a conexión á rede de moi alta tensión da planta de STELLANTIS na cidade é imprescindible, e todos sabemos que apoia esta demanda dende fai tempo, e que o seguirá facendo, governe quen governe.

Esta conexión de Vigo e o seu tecido industrial á rede de moi alta tensión e a construción dunha subestación axeitada leva anos na axenda política. Sería bo para todos que a Xunta e o seu presidente fixesen algo, ademais de queixarse.

O Alcalde ten sinalado que non comparte o criterio alegado polo Goberno de España para deixar a fábrica fóra da rede de moi alta tensión, por non acadar o consumo mínimo esixido, e subliñou que esta exclusión é inadmisíble e incomprendible en termos de cidade e mesmo de racionalidade económica.

É por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte:

#### ACORDO

- Dirixirse ao Goberno de España para que modifique a planificación vixente 2021-2026 de Rede Eléctrica de España, respondendo a unha solicitude da factoría industrial de PSA realizada no ano 2013, o desenvolvemento de esta planificación, e inicie a construción da nova subestación, que permitirá, por unha parte atender a demanda enerxética da factoría de PSA no polígono industrial de Balaídos, e por outra conectar a área urbana de Vigo á rede de transporte de enerxía eléctrica de 220 kilovoltios.
- Reprobar ao goberno da Xunta de Galicia pola súa absoluta falla de iniciativa política diante do Goberno de España durante cinco anos, dende o ano 2013 (cando PSA solicitou a súa conexión a rede de 220 kilovoltios) ata xuño de 2018, momento en que o Partido Popular perdeu o Goberno de España."

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

VOTACIÓN: Con dezanove votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señoras e señores, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Álvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, mais do membro non adscrito Sr. Pérez Igrexas, e cinco abstencións dos membros do grupo municipal Mixto señor e señora, Pérez Correa e Méndez Fuentes, mais dos membros do grupo municipal do Partido Popular señoras e señor, Bartolomé Tocino, López Román e Marnotes González, adoptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a moción presentada, en data 22.04.22 (Rex. Nº 3397/1101), polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Losada Álvarez, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/07/2022 09:05	Páxina 72 de 93
3423-1101	CSV: A1ACBE-ACA9BB-5FB3CH-3CHT3G-ZLXJDS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



**12.(83) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, INSTANDO A QUE A CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS INDIQUE QUE ENTIDADES DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO REALIZARON TRANSFERENCIAS DE FONDOS A COMPAÑÍAS AÉREAS OU A ENTIDADES QUE REALICEN ACCIÓNS PARA ATRAER VIAXEIROS. EXPTE. PLENO 3400/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 22 de abril de 2022, número 3400/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Aneiros Pereira, formula a seguinte,

MOCIÓN

“O pasado 19 de abril de 2022, a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia contestaba, no Parlamento de Galicia, que *“a competencia en materia aeroportuaria correspóndelle ao Goberno de España e non á Xunta de Galicia”* e, engadía que *“a Xunta non subvenciona desde hai anos a ningunha compañía aérea”* ao tempo que se ofrece para un *“mapa de rutas coherente e sen duplicidades”*

Estas manifestacións distan moito da realidade que moitos galegos e galegas, pero sobre todo viguesas e vigueses veñen comprobando durante anos. Neste sentido, o sector público autonómico (Consellerías, Organismos Autónomos, Sociedades Públicas, Fundacións públicas...) ven realizando distintas actuacións para influír nas rutas e compañías aéreas que actúan en Galicia. Estas actuacións, en exercicio doutras competencias autonómicas e de modo indirecto, supoñen ingresos para algunhas compañías aéreas, sexa vía subvención ou sexa vía contrato de servizos ou de publicidade.

Por outra parte, a manifestación de evitar duplicidades de rutas causa preocupación aos usuarios dun medio de transporte que, no caso da nosa cidade é utilizado tanto para viaxes de traballo como para que nos visiten turistas nacionais e internacionais.

Por todo o anterior, propónse ao Pleno da Excma. Corporación de Vigo que adopte o seguinte:

ACORDO

- Instar á Xunta de Galicia a que a Conselleira de Infraestruturas reformule a súa resposta para indicar que entidades do sector público autonómico realizaron actuacións con transferencia, directa ou indirecta, de fondos a compañías aéreas ou a entidades, públicas ou privadas, que realicen accións para atraer viaxeiros.”

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/07/2022 09:05	Páxina 73 de 93
3423-1101	CSV: A1ACBE-ACA9BB-5FB3CH-3CHT3G-ZLXJDS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

VOTACIÓN: Con dezaioito votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señoras e señores, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Álvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, tres abstencións dos membros do grupo municipal Mixto señor e señora, Pérez Correa e Méndez Fuentes, mais do membro non adscrito Sr. Pérez Igrexas, e tres votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señoras e señor, Bartolomé Tocino, López Román e Marnotes González, adoptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a moción presentada, en data 22.04.22 (Rex. Nº 3400/1101), polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Aneiros Pereira, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

**13.(84) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A RECOÑECER Á CIDADE DE VIGO UNHA DÉBEDA HISTÓRICA DE 2.258 MILLÓNS DE EUROS, CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS DO GOBERNO PRESIDIDO POLO SR. FEIJOO DURANTE 13 ANOS. EXPTE. PLENO 3399/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 22 de abril de 2022, número 3399/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

MOCIÓN

“O goberno da Xunta de Galicia celebrou o 21 de Abril de 2022 un consello de goberno na cidade de Vigo, entendendo o mesmo como despedida de Núñez Feijoo. É obrigado facer balance dos 13 anos de goberno de Núñez Feijoo nas actuacións e investimentos na cidade de Vigo.

Nestes 13 anos, o goberno da Xunta tomou decisións e iniciativas moi prexudiciais para a cidade. As agresións, o menosprezo e o trato discriminatorio foron a tónica xeral en tan longo período de tempo.

A lista sería moi ampla pero sirva citar a perda da caixa de aforros, a presentación dunha candidatura das Illas Cíes a Patrimonio da Humanidade para obstaculizar a do Concello de Vigo sen realizar ningunha actuación, a construción dun hospital privado castigando aos pacientes e usuarios a ter que pagar o aparcamento, a falta de apoio ao Aeroporto tentando o seu peche, a negativa para realizar o transvasamento de emerxencia do río Verdugo que garanta que garanta a subministración de auga á cidade; son só unha mínima parte das decisións adoptadas por Feijóo contra esta cidade, a propósito do dano social e económico que provocaba cada unha delas para o conxunto das 300.000 viguesas e vigueses. A resposta na urnas sempre foi contundente por parte das viguesas e vigueses rexeitando esta política de marxinação á cidade de Vigo practicada desde o goberno de Galicia.



Copia do documento - Concello de Vigo  
3423-1101

Data impresión: 22/07/2022 09:05 Páxina 74 de 93  
CSV: A1ACBE-ACA9BB-5FB3CH-3CHT3G-ZLXJDS-F1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

A estas decisións, de carácter cualitativo, débese engadir a falta de investimentos na cidade, o apoio económico á cultura, ao deporte, ao ensino, á política social, ao turismo, etc.

Na cidade de Vigo concéntrase o 11% da poboación de Galicia. Cando menos debería de ser esa porcentaxe o que se investise na nosa cidade no conxunto de investimentos e actuacións que o goberno de Feijóo realizou durante 13 anos desde os Orzamentos da Xunta.

Cuantificar a débeda histórica de Feijoo coa cidade de Vigo no seu abandono da Presidencia da Xunta, resulta certamente fácil. De todos os investimentos e actuacións, que reflectiron os Orzamentos de Galicia nestes 13 anos por un importe de 25.261 millóns de euros, Núñez Feijoo deixa unha débeda con esta cidade de 2.258 millóns de euros. Porque dos polo menos 2.779 millóns que corresponderían a Vigo, escasamente investíronse 500 millóns.

No momento do seu abandono do goberno da Xunta de Galicia, é necesario recoñecerlle á cidade de Vigo a débeda histórica que Alberto Núñez Feijoo deixa nesta cidade despois de 13 anos para que sexa reparada polo goberno galego.

É por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte:

#### ACORDO

- Instar á Xunta de Galicia a recoñecer á cidade de Vigo unha débeda histórica de 2.258 millóns de euros, consecuencia das actuacións do goberno presidido por Alberto Núñez Feijoo durante 13 anos.
- Instar á Xunta de Galicia a que satisfaga esta débeda coas correspondentes consignacións orzamentarias nos seus propios orzamentos."

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

VOTACIÓN: Con dezaoito votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señoras e señores, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Álvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, tres abstencións dos membros do grupo municipal Mixto señor e señora, Pérez Correa e Méndez Fuentes, mais do membro non adscrito Sr. Pérez Igrexas, e tres votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señoras e señor, Bartolomé Tocino, López Román e Marnotes González, adoptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a moción presentada, en data 22.04.22 (Rex. Nº 3399/1101), polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/07/2022 09:05	Páxina 75 de 93
3423-1101	CSV: A1ACBE-ACA9BB-5FB3CH-3CHT3G-ZLXJDS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

## PARTE DE CONTROL

### **14.(85) DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA, DENDE O 18.03 AO 19.04.22. EXPTE. 1201/1102. EXPTE. PLENO 3392/1101.**

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións da Alcaldía (do 18.03.22 ao 19.04.22) incluídas no expediente 1201/1102.

ACORDO.

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación das Resolucións. O Pleno queda enterado.

### **15.(86) DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS, DENDE O 18.03 AO 19.04.22. EXPTE. 1202/1102. EXPTE. PLENO 3393/1101.**

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións dos concelleiros delegados (do 18.03.22 ao 19.04.22) incluídas no expediente 1202/1102.

ACORDO.

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación das Resolucións. O Pleno queda enterado.

## **MOCIÓNS.**

### **16.(87) MOCIÓN DO CONCELLEIRO MEMBRO NON ADSCRITO SOLICITANDO A DECLARACIÓN DE ESPAZO NATURAL DE INTERESE LOCAL PARA O RÍO BARXA E EIFONSO. EXPTE. PLENO 3394/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 22 de abril de 2022, número 3394/1101, o concelleiro membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, formula a seguinte,

#### MOCIÓN

*SOLICITANDO A DECLARACIÓN DE ESPAZO NATURAL DE INTERESE LOCAL PARA O RÍO BARXA E EIFONSO*

*Moción promovida pola plataforma veciñal AVIBE da parroquia de Beade e as asociacións ecoloxistas viguesas Ecoloxistas en Acción, Greenpeace, Amigos da Terra e Adega para acadar a declaración da contorna do cauce do río Barxa e do río Eifonso como espazo natural de interese local co fin de preservar o importante valor natural destes ecosistemas.*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/07/2022 09:05	Páxina 76 de 93
3423-1101	CSV: A1ACBE-ACA9BB-5FB3CH-3CHT3G-ZLXJDS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

### A importancia histórica dos ríos

Nos vales fluviais mantéñense espazos agrarios de interese natural e paisaxístico, en xeral inseridos nunha matriz urbana, cun grao de actividade e nivel de conservación excepcionais, que sosteñen a agricultura urbana e periurbana viguesa, e constitúen un dous feitos diferenciais do modelo de ocupación do seu territorio.

Os ríos preséntanse como espazos susceptibles de lecer, contribuíndo ao benestar da sociedade. Esta afirmación, subliñada na II Conferencia sobre Hábitat celebrada en Istambul en 1996, pon de relevo un alto valor turístico e recreativo a potenciar. O seu papel como conector dos espazos naturais coas entidades poboacionais polas que discorren, fai que os ríos se convertan en axentes reconciliadores e unificadores do espazo, máis que separadores do mesmo polos que discorren.

Focos de vida urbana no pasado, estes corpos de auga constituían unha reserva, co enchido de depósitos de auga para o seu consumo e uso doméstico, o trazado de roteiros pecuarias que conducindo ao gando saciaban a súa sede e a construción de muíños hidráulicos que favorecían a agricultura facilitando o regadío por medio de canles que establecían carreiros como límites.

Nas últimas décadas do século XX, estes espazos foron obxecto das cambiantes dinámicas urbanas e avances tecnolóxicos, os cales os converteron en espazos problemáticos. Dando como resultado desta continua intervención nunha perda de funcións e valores que os sistemas fluviais ofrecen, afectando negativamente ao home e á súa cultura (González del Tánago & García del Jalón, 2001). É nos últimos anos, a través do incremento da sensibilidade ambiental e as novas políticas de desenvolvemento urbano cando xorde unha nova actitude ante a conservación dos recursos naturais como elementos de benestar e calidade de vida dos cidadáns, converténdose en elementos vertebradores do desenvolvemento sostible das cidades (Bettini, 1998).

Unha das frases máis repetidas nos informes veciñais, “cremos necesario e imprescindible a protección dos leitos dos ríos” (PXOM, 2008, p.33), pon de manifesto o abandono que estes lugares sufriron nos últimos tempos, e é que o desenvolvemento urbanístico experimentado nas últimas décadas nas parroquias galegas supuxo unha alteración da súa riqueza. Un crecemento que xerou unha fragmentación funcional entre espazos naturais e construídos. Deste xeito onde antes existía un medio natural, que estaba fóra e que funcionaba mediante ecosistemas e prácticas ancestrais identificativas dos habitantes das súas parroquias, agora atópanse espazos maltratados, rotos e no mellor dos casos abandonados (Fariña, 2015).

### Desenvolvemento sostible e tradición

É por primeira vez en 1987, cando a través do informe Brundtland o concepto de desenvolvemento sostible é aceptado por parte da sociedade moderna. No devandito informe o desenvolvemento sostible defínese como: “o desenvolvemento que satisfai as necesidades da xeración presente sen



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/07/2022 09:05	Páxina 77 de 93
3423-1101	CSV: A1ACBE-ACA9BB-5FB3CH-3CHT3G-ZLXJDS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

*comprometer a capacidade das xeracións futuras para satisfacer as súas propias necesidades” (Bermejo, 2014, p.16).*

Un concepto que deu visibilidade á tan necesaria solidariedade interxeracional na que os habitantes do futuro poidan gozar dun medio ambiente mellor ou igual que o actual. De maneira que a teoría sobre o desenvolvemento sostible ou sustentable baséase en que *“cada xeración entregue á seguinte un fondo de capital e un fondo total de recursos naturais polo menos igual ao que recibiron da anterior”* (Informe Pearce, 1989, citado por Fariña, 2001, p.12).

Lynch no seu libro *“Planificación do Sitio”*, (citado por Fariña, 2001,p.290), afirma o seguinte: *“A medida que o home se multiplica e a súa tecnoloxía domina a terra, a organización do chan faise máis importante para a calidade de vida. Agora mesmo se teme que a tecnoloxía poida ameazar a continuidade da vida. A contaminación empeora o sistema vivente. A deterioración da paisaxe é prexudicial para nós; en cambio, un emprazamento ben estudado pode axudarnos. Un hábitat ben organizado e produtivo é unha fonte de riqueza para a humanidade, tanto como pode selo a enerxía, o aire ou a auga”*.

O modelo de desenvolvemento vixente xa non é razoable por supoñer un efecto negativo sobre a calidade de vida na nosa contorna próxima, o que o converte nun modelo insostible que produce *“modificacións imprevisibles sobre a biosfera”* (Fariña, 2001,p.301).

A reconsideración do coñecemento local debe ser a guía que protexa e preserve a calidade típica da paisaxe con solucións adecuadas e formas novas para implementar a

#### POSTA EN VALOR DO ÁMBITO:

#### RÍO EIFONSO

A senda do río Eifonso aparece no Catálogo de Paisaxes da Xunta como lugar de especial interese e protección, cunha superficie de 29,5 hectáreas; *“O sistema fluvial do Río Eifonso configura un dous máis importantes corredores ecolóxicos da Área Urbana de Vigo, e constitúe un espazo de alta calidade escénica, estando integrada a marxe esquerda do seu treito alto na AEIP de Galicia denominada Río Eifonso. Presenta tamén importantes usos de lecer e educativos ancorados na Senda do Río Eifonso que discorre pola parroquia de Bembrive ao longo de 3 Km e o Parque Botánico Arco da Vella. Como complemento dispón así mesmo dunha alta diversidade de espazos e elementos de interese etnográfico (Capela de San Cibrán, Casas da Fraga, Muíños, etc”*. Aparecen fontes e lavadoiros catalogados baixo o epígrafe *“Patrimonio etnolóxico”* na Revisión do PXOM.

Este río nace no Monte das Lagoas, a 450 m, flanqueado por Pedra Cavaleira de 501 m e por As Pereiras de 514m. As súas primeiras augas emerxen moi preto do Campus Universitario de Vigo. O río Eifonso ábrese camiño entre o val e pasa aos pés da Capela de San Cibrán. O seu descenso vertixinoso converte as súas correntes en belas fervezas, como a de Bouzafría e dá orixe a varios muíños de auga nas súas dúas ribeiras. Recibe as augas dos seus afluentes, Mao



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/07/2022 09:05	Páxina 78 de 93
3423-1101	CSV: A1ACBE-ACA9BB-5FB3CH-3CHT3G-ZLXJDS-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Pontecela. A súa andaina dura case 6 km ata chegar e doar amablemente as súas augas ao castigado río Lagares.

A desembocadura do río Eifonso sitúase por detrás duns grandes almacéns situados no final da Avenida de Madrid, no corazón dun polígono industrial. Comezaremos o noso percorrido pola senda do río Eifonso no cruzamento do río e a Estrada de Bembrive, que une esta parroquia coa veciña Beade, concretamente en Mourelle. É aquí onde comeza o roteiro que foi rehabilitada en outubro de 2009 nunha recuperación levada a cabo pola Entidade Local Menor de Bembrive, a consellería do medio rural e a extinta entidade bancaria Caixanova. O proxecto foi cofinanciado pola Unión Europea.

O roteiro é un camiño ancho como os eixos das rodas dos carros que outrora sucaban estas sendas para ir recoller, río arriba, o gran moído que os muíños producían. Muíños como o do Sorrego cuxa rehabilitación foi feita hai uns anos e presenta un aspecto inmejorable. O carreiro conclúe nas ruínas do poboado medieval da Fraga, un conxunto de varias edificacións e terrazas de cultivo que se coñecía polo nome de «Bene vivere», do que hai constancia da súa existencia no ano 1665.

Un pouco máis arriba atópase unha rústica ponte creada con grandes laxes de pedra que atravesa o regacho. Alí asoma o muíño coñecido como de “A Pedrosa”, ao que se accede por unha ponte de madeira. Destácase tamén a angosta e rochosa garganta coñecida por “O Buraco”. Nesta garganta atópase a formidab le ferverza de Bouzafría, onde o río salva un gran desnivel en moi poucos metros.

Aparecen vos seguintes muíños catalogados non PXOM:

MUIÑOS DO RÍO EIFONSO EN BEADE: BARXIFLAS NOVO, EIFONSO DO OUTEIRO, A COVA MUIÑOS DO RÍO EIFONSO EN BEMBRIVE; EM.03.001 PAIO DE ABAIXO 526699 4672150 PAIO DE ARRIBA 526732 4672117 POUZO DE ABAIXO 527067 4671677 POUZO DE ARRIBA 527097

4671606 SAN CIBRÁN DE CALDERÓN 526676 4670004 BOUZAFRÍA DO BURAQIPIO 526245

4670843 BOUZAFRÍA DO BURACO 526241 4670863 BOUZAFRÍA DA PEDROSA 526126

4670898 MOURELLE DO SORREGO 525858 4671340 MOURELLE DO BLANCO 525718 4671472

MOURELLE DA PORTELA 525651 4671552 EIFONSO DO OUTEIRIÑO 525522 4672058 EIFONSO

DOUS CARRIZAS 525340 4672163 EIFONSO DO CRISTINO 525595 4672262 EIFONSO DOUS

CRUXEIROS 525758 4672300 MOSTEIRO DE VENANCIO 525886 4672375 DE XAME 524994



